

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5

SESION ORDINARIA DO 27 DE MARZO DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Rodríguez Escudero, Cayetano (concelleiro do grupo municipal Socialista).
Figueroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e sete de marzo do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín,

González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señoras/es concelleiros, ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(35).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA 30 DE XANEIRO DE 2019).

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 30.01.2019.

2(36).- COMPARECENCIA DE D^a M^a YOLANDA PÉREZ DUARTE, COMO DELEGADA EN VIGO DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE LIPODISTROFIAS, CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DAS LIPODISTROFIAS O 31 DE MARZO DE 2019. REXISTRO PLENO 2003/1101.

PRESIDENCIA: D^a Yolanda Pérez, benvinda, estamos encantados coa súa presenza, de acordo co Regulamento ten un espazo de tempo de aproximadamente 5 minutos para expoñer o caso da lipodistrofia e o que significa, moitas grazas e benvinda.

SRA. PÉREZ DUARTE: Bos días a todos, en primeiro lugar quixera agradecer que me deades a oportunidade de estar aquí hoxe, é a primeira vez que asisto a un Pleno cos meus 42 anos e hoxe veño a falarvos das lipodistrofias, son unha serie de enfermidades consideradas como raras entre as cales eu padezo unha delas, eu padezo o síndrome de Barraquer Simons e veño a falar delas porque son pouco coñecidas, eu a descubrín hai dous anos e a padezo dende que tiña 7, así que tardaron 34 anos en diagnosticarme e en xeral os que padecemos lipodistrofias pois soemos perder a graxa dalgún lado do noso corpo e a acumulamos noutra, temos un comportamento anormal dos nosos lípidos, non se sabe por que, non ten cura, eu por fora agora védesme moi ben, hai dous anos eu non era así e estamos dende a asociación tratando de investigar que é o que pasa con nós e por que o noso corpo se comporta desta maneira, sobre todo hai moitos nenos afectados e por eles temos que pelexar. Así que eu vos pido que apoiades a investigación sobre todo, porque sen investigación nós non temos futuro. Que saibades que hai certos tipos de lipodistrofia que conducen á morte, entón pois sobre iso temos que investigar e a continuación vou ler o noso manifesto:

As persoas con Lipodistrofias, familiares e entidades que traballan no ámbito das Lipodistrofias solicitamos:

A creación de Unidades de referencia a nivel mundial na atención integral a pacientes con lipodistrofias. Apoiar a Unidade de Referencia en Lipodistrofias situada en Hospital Universitario de Santiago de Compostela.

Que as lipodistrofias sexan consideradas como prioridade social e sanitaria polas diferentes institucións públicas e privadas.

O establecemento dun mapa de expertos e profesionais en lipodistrofias a nivel mundial.

O establecemento de medidas concretas para asegurar o acceso en equidade a medicamentos de uso vital para as familias con Lipodistrofias, en particular a leptina recombinante humana.

O impulso á investigación en Lipodistrofias a través dos Centros, Servizos e Unidades de Referencia.

Incrementar o recoñecemento da Lipodistrofia mediante iniciativas de educación na comunidade médica e entre o público en xeral, co obxectivo de diagnosticar de forma temperá estes pacientes.

Medidas que garantan a atención ás persoas con Lipodistrofias que requiran o seu traslado a outro Estado Membro.

Instar o goberno da nación a investir ata 3% do Produto Interior Bruto á investigación científica sanitaria.

Xerar unha acción colaborativa onde conflúan todos os axentes implicados, sector público, o sector privado, a cidadanía, o mundo académico, a industria e as asociacións de pacientes e a través da cal se favoreza o mecenazgo mediante un sistema de incentivos que faga posible a sustentabilidade e viabilidade dos proxectos de investigación en Enfermidades Raras.

Apoiar o rexistro promovido polo European Consortium of Lipodystrophies, e a rede europea de grupos clínicos e básicos que traballan no campo das lipodistrofias.

Moitas grazas a todos por esta oportunidade e espero que as nosas peticións vaian adiante, moitas grazas.

SR. PÉREZ CORREA: Bos días Sra. Yolanda Pérez, moitas grazas ademais por estar e por visibilizar unha das cousas que debería de ser o principal motivo dun día mundial dunha enfermidade sobre todo dunha enfermidade rara que é visibilizala, aínda que só servira para que os concelleiros e as concelleiras que estamos aquí teñamos que ir ás redes sociais, teñamos que ir a fontes a buscar a información, a saber realmente de que se trata esta enfermidade rara e que teñamos que

documentarnos e que podamos coñecer o que esta enfermidade pois aínda que só sexa para iso, os días mundiais avalen para moito, eu onte precisamente ao albor da túa intervención pois buscamos información sobre isto, é certo que hai pouca moi recente pero tamén algunha esperanza en momentos difíciles, saber que temos un dos mellores investigadores mundiais, sexa que entre os 17 mellores investigadores mundiais estea unha persoa precisamente do complexo hospitalario de Santiago de Compostela, ou que ese profesor sexa unha referencia, que sexa ademais unha das persoas que está poñendo enriba da mesa máis cuestións para a investigación neste país, nun país onde ano tras ano os recursos para a investigación desaparecen practicamente das axendas políticas pero ademais no caso das enfermidades raras ou enfermidades que teñen unha aceptación practicamente de 1,2 casos cada millón, creo que lía eu, pois con máis motivo para que reivindicemos este día, reivindicemos tamén os recursos públicos, nos estamos a favor de que haxa mecenazgos privados, que haxa recursos obviamente que entidades privadas aporten aos recursos de investigación pero realmente o que nos vai a permitir ter un universo onde as enfermidades raras non o sexan e onde as enfermidades descoñecidas ademais teñan unha diagnose tempera, falabas ti a cuestión dos nenos, limos algunha historia desgarradora desa nena que se chamaba Celia que incluso hai un síndrome que leva o seu nome, unha historia ademais que implica que con moitos anos de avance de investigación pois seguramente ese síndrome non levaría ese nome e sería unha parte substancial da solución que requirimos para as enfermidades raras, polo tanto, nós imos reivindicar tamén a labor deses investigadores que contra todo prognóstico, contra o abandono das administracións, contra as pelexas que temos as organizacións políticas con respecto a cal ten que ser o futuro da sanidade, o futuro da investigación sanitaria que seguen pelexando, que se colocan ao fronte incluso dos grupos de investigadores e poñen enriba da mesa moitas cuestións que moitas veces non van acorde nin cos recursos nin co noso organigrama sanitario, ademais de buscar información, incluso atopamos algunha enquisa que se fixo a persoas que padecen esta enfermidade, non só é a cuestión médica, a cuestión de coidado persoal, de imaxe, das cuestións que tamén hai poñer enriba da mesa, unha parte substancial dos enfermos e das enfermas desta enfermidade piden tamén axuda neste tipo

que non son só cuestión médicas que moitas veces tamén van análogas a cuestións de axuda de outro tipo, nós imos a poñer o noso grao de area para que tódolos homes e mulleres que están na nosa organización política, xa que nós tivemos un día para informarnos pois que tamén coñezan a enfermidade, que coñezan tamén o que significa esa apoio á investigación, aos médicos que están sendo punteiros no noso país e en Galicia, en Santiago de Compostela a pesares dos últimos gobernos da Xunta de Galicia e do Estado que non quixeron apostar pola investigación, que non quixeron sequera apostar pola consolidación dos investigadores que acabaron marchando do país, todo o noso ánimo e dentro da nosa pequena capacidade de poder botar unha man nisto e dende logo ides ternos do voso lado.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Bos días, benvida. En principio como dicía o Sr. Pérez Correa é unha enfermidade rara e é unha enfermidade que ata eu que traballo na sanidade tiven que ir a buscar un pouco de referencias, si que sabía que o Doutor Araujo traballaba nisto porque me daba clases a min, e é un gran apoio pero realmente si que é certo que enfermidades raras e enfermidades como a lipodistrofia que non contan cun número grande de pacientes, si que o é pero non como para chamar a atención de investigadores que queiran apostar de maneira seria por erradicar un problema que non só vos afecta a vós como pacientes senón a todo o vosa contorna e que vai non só dun tema físico de aparencia ou de estética como poida pensar algunha xente, chegan a actuacións endocrínicas moi graves que como ven dis poden chegar ata a morte e moito máis preocupante nas crianzas, sería fantástico poder chegar a diagnosticar de maneira precoz para que ninguén tivera que padecer nin sequera a posibilidade de ter este tipo de patoloxías. Facedes un traballo fantástico en canto a visibilizar este problema que como dicía o Sr. Pérez Correa este día mundial nos fai a todos visibilizar un problema que tendes moita xente, a pesares de ser enfermidade rara sodes moita xente e se que é certo que necesitamos moita máis investigación, necesitamos concienciar á xente de que existe este problema e que moita xente padece unha situación de enfermidade e de preocupación e dende o grupo Popular toda a noso apoio, cariño e moito ánimo e moitas grazas por estar aquí hoxe con nós.

SR. LÓPEZ FONT: Benvida D^a Yolanda Pérez, é un pracer que estea aquí polo motivo que che trae para estar aquí, ademais dobremente porque dicías que era a primeira vez que estabas no Pleno e nada mellor que este día mundial para que estes no Pleno en representación da vosa asociación.

O agradecemento é noso como Pleno, como grupo municipal, como goberno porque certamente necesitamos esa información, necesitamos ese coñecemento sobre o que ti dicías, sobre aquilo que se descoñece e que é unha realidade, ao final temos que ir a fontes de información para coñecer que é esta enfermidade, como e de que maneira afecta e o facedes como asociación no sitio idóneo porque ao final este Pleno é a expresión da vontade popular das/os viguesas/es e se converte en momentos como este nun altofalante idóneo, para contar o que significa a vosa enfermidade, para contar a problemática sobre a vosa enfermidade e tamén para reivindicar e nós nese sentido, xa cho adianto por suposto, toda a nosa solidariedade como grupo municipal socialista, é unha pena que non estea hoxe o meu compañeiro o Sr. Rodríguez Escudero que se encarga dos temas de sanidade, un excelente profesional pero toda a solidariedade co noso manifesto, o que pasa é que como somos dende este grupo certamente ambiciosos cando no punto primeiro falades de creación de unidades de referencia e facedes mención á de Santiago de Compostela nós queremos reivindicar que haxa unha unidade de referencia na cidade de Vigo.

Seguro que por estatisticamente só por ser a cidade máis poboada de Galicia é evidente que seguro que hai un número importante de casos co cal o tema da proximidade, o tema da profesionalización dos profesionais da sanidade cremos que non debe levar a reivindicar o que haxa na liña do que vos propoñedes a creación dunha unidade de referencia aquí. E polo tanto, este goberno municipal, este grupo municipal sempre estivo moi preocupado por todo o concernente a sanidade, ao sistema sanitario, fomos permanente reivindicadores deste sistema sanitario público que temos e polo tanto e máis ante unha situación como esta o facemos hoxe patente, a verdade é que o que nos trasladas, xa o concepto de enfermidade rara alerta e pon a un en garda non, porque certamente hai moito descoñecemento porque é un problema social porque non só afecta, como xa dicía anteriormente, ao propio enfermo senón a súa contorna social e polo tanto creo

que este altofalante do que hoxe se di aquí, do que se expande ten a súa importancia.

Quero acabar cun recoñecemento aos profesionais da sanidade, aqueles que fixeron posible que unha enfermidade que tiñas dende hai moitos anos a descubriras ti e outras persoas hai pouco e isto vai en función xa digo do traballo que fan os profesionais pero quero rematar cun recoñecemento ás asociacións, a que ti representas porque evidentemente dende o sector público debe de haber esta atención aos enfermos, pero o traballo que facedes como asociación sempre de forma voluntaria, sempre coa intención de dar a coñecer estes problemas certamente ten moito mérito porque ao final é quitarlle tempo a un mesmo, a súa familia e creo que esa labor social que se fai de divulgación de algo descoñecido ten moito mérito. Polo tanto, ese recoñecemento, felicitación e que teñades a seguridade dende a vosa asociación do compromiso deste grupo municipal, deste goberno no que reivindicades, no que necesitades como sempre facemos pero dende logo nun día mundial como este de forma especial.

PRESIDENCIA: D^a Yolanda Pérez, leve vostede o apoio deste Pleno, transmítalle a tódolos membros da súa asociación e socialmente o noso recoñecemento polo seu traballo, moitas grazas.

SRA. PÉREZ DUARTE: Moitas grazas a todos.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3(37).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 11.03.2019; POLO QUE SE APROBA O PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN E OS MARCOS ORZAMENTARIOS PARA O PERÍODO 2020-2022. EXPTE. 61/142 (REXISTRO PLENO 1987/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 11.03.2019, que di o que segue,

“O artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo artigo Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

O perímetro que conforma o grupo de Consolidación establecido polo MINHAC para o Concello de Vigo, está delimitado polas seguintes institucións:

Entidade Local

Xerencia Municipal de

Urbanismo Fundación: MARCO

Fundación: C.BUREAU

Fundación: FAIMEVI

O Marco orzamentario está previsto para o período 2020-2022, sendo a base de partida a Liquidación do Orzamento consolidado do ano 2018 e a previsión da liquidación do ano 2019.

Sobre a precitada base, tendo en conta as variacións tendenciais e os convenios vixentes sobre a variabilidade do orzamento, que foron estudadas e coordinadas pola Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, polo Director Superior Contable e Orzamentario e pola Intervención Xeral, formouse o Marco orzamentario previsto para o devandito período, baseado nas variacións tendenciais contidas no informe asinado polos responsables que non son

obxecto de reprodución. No entanto, quedan reflectidos nas táboas dos marcos orzamentarios que forman parte desta Resolución que será incorporada aos modelos de remisión telemática que están na páxina web do MINHAC e que terán que ser remitidos antes do día 15/03/2019.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación. Neste caso, é un documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o Orzamento do ano 2020 e seguintes, seguindo os trámites e competencias previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei de Bases de Réxime Local.

Vistas as avaliacións e cálculos para a obtención dos marcos orzamentarios para o período 2020-2022.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o perímetro de Consolidación establecido para o Concello de Vigo polo Ministerio de Facenda e Función Pública (MINHFP), quedando limitado á:

Entidade Local,
Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e; Fundación MARCO;
Fundación Convention Buereau;
Fundación FAIMEVI, en fase de Liquidación, sin orzamento.

SEGUNDO.- Aprobar os marcos orzamentarios para o período 2020-2022 contido nas seguintes táboas, que teñen a súa base técnica na Liquidación do Orzamento aprobada do ano 2018 e a prevista para o ano 2019.

Estado de ingresos consolidados

INGR.CONOLIDADOS DESGLOSE IMPOSTOS /CESIÓN /FCF

Capitolo		Liqu.2019	Pre v.2020	Pre v.2021	Prev.2022
	1+2	120.515.853,20	119.803.412,52	121.044.763,54	122.255.211,17
IBI		69.682.000,00	69.808.800,00	70.506.888,00	71.211.956,88
IAE		13.800.000,00	14.076.000,00	14.216.760,00	14.358.927,60
IVTM		14.679.000,00	14.972.580,00	15.122.305,80	15.273.528,86
IIVTNU		7.941.227,20	6.652.134,00	6.743.612,23	6.792.321,14
ICIO		2.200.000,00	1.836.000,00	1.872.720,00	1.910.174,40
CESION		12.213.626,00	12.457.898,52	12.582.477,51	12.708.302,29
	3	44.264.530,25	41.497.162,04	41.913.453,66	42.336.888,20
	4	79.668.196,66	81.408.856,71	82.413.349,36	83.226.847,77
FCF		65.971.424,00	67.290.852,48	67.963.761,00	68.643.398,61
Resto 4		13.696.772,66	14.118.004,23	14.449.588,36	14.583.449,16
	5	2.969.596,00	3.690.804,00	3.721.610,04	3.752.724,14
I.CO.NF		247.418.176,11	246.400.235,27	249.093.176,60	251.571.671,28
	6				
	7	16.892.635,48	4.788.490,80	3.598.822,54	5.000.000,00
I.CA.NF		16.892.635,48	4.788.490,80	3.598.822,54	5.000.000,00
INF		264.310.811,59	251.188.726,07	252.691.999,14	256.571.671,28
	8	591.600,00	671.000,00	671.000,00	671.000,00
	9				
Total INGR.		264.902.411,59	251.859.726,07	253.362.999,14	257.242.671,28

Estado de gasto consolidados

GASTOS CONSOLIDADOS GRUPO					
Capítulo		Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
	1	68.884.249,04	74.291.115,01	75.034.026,17	75.783.366,42
	2	119.922.243,69	127.171.890,77	127.810.421,57	128.450.057,90
	3				
	4	25.864.854,90	27.293.441,82	27.233.441,76	27.172.441,86
	5		600.000,00	600.000,00	600.000,00
Total GCNF		214.671.347,63	229.356.447,60	230.677.889,50	232.005.866,18
	6	42.309.378,72	20.782.278,47	20.964.109,64	23.515.805,10
	7	1.468.600,10	1.050.000,00	1.050.000,00	1.050.000,00
TGCa.NF		43.777.978,82	21.832.278,47	22.014.109,64	24.565.805,10
Total GNF		258.449.326,45	251.188.726,07	252.691.999,14	256.571.671,28
	8	591.600,00	671.000,00	671.000,00	671.000,00
	9				
Total GAST		259.040.926,45	251.859.726,07	253.362.999,14	257.242.671,28

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

CAPACIDADE NECESIDADE DE FINANCIAMENTO					
		Liqu.2019	Prev.2020	Prev.2021	Prev.2022
Sal op.Cor		32.746.828,48	17.043.787,67	18.415.287,10	19.565.805,09
Sal.op.cap.		-26.885.343,34	-17.043.787,67	-18.415.287,10	-19.565.805,09
Sal.OP.N.F		5.861.485,14	,00	,00	,00
Axustes		546.859,09	2.654.066,52	2.654.066,52	2.654.066,52
cap/neces.		6.408.344,23	2.654.066,52	2.654.066,52	2.654.066,52
Débeda		,00	,00	,00	,00
Ratio débeda		0,00%	0,00%	0,00%	0,00%

TERCEIRO.- Remitir telematicamente a información a través da aplicación de captura de datos do portal do MINHAC na súa páxina web oficial antes do 15/03/2019.

CUARTO.- Notificar a remisión da información ao Sr. Interventor Xeral Municipal.

QUINTO.- Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, de data 20.03.2019, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta efectivamente do Marco Orzamentario para o período 2020, 2021 e 2022, é dicir, dito doutro xeito, é o primeiro paso para elaborar os orzamentos do vindeiro ano, primeiro paso para elaborar os orzamentos do ano 2020 porque somos un goberno que traballa, que programa as súas actividades, as actividades que benefician á cidade e un goberno que transforma, boa mostra diso é a reunión de onte en Madrid onde o Alcalde de Vigo Presidente da FEMP conseguiu que o superávit do ano 2018 se poida reinvestir por parte de todos aqueles concellos que teñan superávit nas súas contas, pero somos un goberno que programa neste punto elaborando este Marco Orzamentario plurianual para os vindeiros anos, programa tamén as súas actividades a través do Plan Anual de Investimentos e o Plan Plurianual de Investimentos e somos un goberno que transforma a cidade porque o que queremos é que cidade avance, lidere ás cidades de Galicia, boa mostra diso é algún titular de prensa dos últimos días nos que nos di que tan só o Concello de Vigo suma tanto como tódalas cidades de Galicia, polo tanto, somos a cidade líder de Galicia a pesares de que algún responsable político doutro partido parece que non o queira ver, pero lamentablemente e afortunadamente para a cidade así somos, a cidade líder, a cidade que avanza, a cidade que lidera a comunidade autónoma de Galicia.

Miren, estas cifras que se aproban no Marco Orzamentario son cifras evidentemente macroeconómicas pero que teñen a súa importancia porque parten de liquidación do Orzamento do ano pasado, do 2018, e tamén da previsión da execución do Orzamento para este ano 2019, neste sentido hai que destacar que xa neste primeiro trimestre do ano levamos adxudicados 26,7 millóns de euros en obras, tan só no primeiro trimestre para ser máis exactos, á data de 21 de marzo

de 2019 levamos adxudicadas 26,7 millóns de euros, iso nos permite nun ano, como así o amosa por certo, esta noticia de prensa, liderar as licitacións de tódolos concellos de Galicia, hai que dicir que multiplicamos por 8 o investimento da cidade de Ourense, hai que ver quen goberna en Ourense e quen goberna en Vigo, multiplicamos por 8 o investimento que fai o Concello de Ourense, pero multiplicamos tamén por 7 o investimento do Concello de Santiago de Compostela e tamén multiplicamos por 6 o investimento que fai o Concello de A Coruña, polo tanto, o que queremos é continuar nese liderado de cidades de Galicia que redunda en beneficio dos cidadáns, das persoas que viven, que traballan, que queren desenvolver a súa tarefa profesional ou actividade económica na cidade, pero tamén das persoas que simplemente vivimos nunha cidade, por certo, fermosa, cada vez máis pero unha cidade líder tamén no conxunto da comunidade autónoma.

Estas cifras que insisto, multiplican por 8 o investimento do Concello de Ourense, por 7 o investimento que fai o Concello de Santiago de Compostela e por 6 o que fai o Concello de A Coruña nos permiten mirar ao futuro con optimismo porque nos permiten desenvolver as nosas políticas públicas no plano máis microeconómico se o queremos ver así, porque prestamos servizos públicos de garantía, os cidadáns saben que teñen uns bos servizos públicos e de calidade, Policía, Bombeiros, limpeza, saneamento, transporte pero tamén saben que teñen políticas de Benestar Social, que estas cifras permiten que teñamos aparcadoiros infantís e parques para maiores e parques biosaludables de calidade, que teñamos escolas infantís a un prezo máis reducido que as da Xunta de Galicia, que teñamos becas para os cativos que van estudar ao estranxeiro inglés, que teñamos axudas sociais e que nos permiten cohesionar non só socialmente á cidade, senón tamén territorialmente á cidade, con melloras en tódolos barrios da cidade, non só no centro da cidade senón tamén en tódolos outros barrios da cidade, con obras significativas como as do Vigo Vertical ou o acceso á estación do AVE, o carril bici, a Senda Verde, as salas de lecturas, a cubrición dos patios dos colexios que non fai a Xunta de Galicia, pero tamén con outras serie de actuacións nas distintas rúas de tódolos ámbitos da cidade porque cremos que sexan unha cidade dinámica e activa e a iso serven estes Marcos Orzamentarios, e estes esforzos que se están a

facer dende a programación que estamos a realizar. En definitiva, facer de Vigo a mellor cidade de Galicia, de España.

SR. PÉREZ CORREA: Paréceme moi ben que amose a súa capacidade de escanear documentos de prensa ou incluso facer powerpoints e as aplicacións gráficas que sabemos que se lle dan moi ben, eu quero falar do seu documento, que se presenta co número de expediente 61142 que as veces é máis importante incluso que o manexo de ferramentas ofimáticas ou de escanear páxinas do Faro de Vigo, nós queremos falar deste documento, dalgunhas certezas que temos, dalgunhas cuestións ademais que están expresadas no anterior Marco Orzamentario e do que supón ademais certas afirmacións que acaba de facer sobre a cuestión da execución dos investimentos, sobre da cuestión de que Vigo a esta altura están sendo o Concello de Galicia das grandes cidades máis inversor é evidente, se en 4 anos non se inviste, vaise postergando o investimento para que o último ano coincidente, por desgracia, cun adianto electoral que lle trastoca o calendario de inauguracións pero se vai vostede postergando e imos a poñer datos que figuran aquí neste documento, pois ao final é concentrar no último ano de lexislatura gran parte dos investimentos que estaban consignadas en 4 anos, isto non é nada novo, e algo que fixo no seu día a Sra. Porro e algo que fan moitos alcaldes de tódalas cores políticas pero que considero que cando menos é bastante pouco rigoroso co que ten ser o período no que os veciños/as pagan os impostos, en primeiro lugar, porque aquí neste propio documento se recoñecen as miserias da execución orzamentaria no capítulo de investimentos porque na análise tendencial da execución do gasto vostedes mesmos recoñecen que o capítulo VI tivo unha execución do 30% no 2016, que tivo unha execución do 51% no 2017, que tivo unha execución do 57% no 2018, pero curiosamente a previsión para o 2019 eu teño que crerme que vai ser do 70% e teño que crerme que para o 2020 que vai a ser tamén do 70% porque temos que crernos que vostedes pasado as eleccións de maio van a facer unha execución do 70%, se levan practicamente dúas lexislaturas non subindo deses números de execución, postergando obras, anunciando reiteradamente investimentos que están feitos ou que están orzamentadas previamente e polo tanto, este documento para nós contén unha eiva, que este goberno ten problemas de execución no capítulo de gastos,

vostedes diranme que tódalas obras se executan pero non é mesmo executar unha obra anunciada no 2016 executada no 2019 e neses anos o importe consignado desa obra o saco sen fondo do superávit; pero ademais é unha cuestión que por desgracia non depende só exclusivamente deste goberno local, é que a nós non gustan as previsión do capítulo I, primeiro, non nos gustan porque están feitas sobre un documento negociado polo goberno do Partido Popular e os sindicatos e sistematicamente o goberno do Partido Socialista non quixo abrir o melón desa negociación do Capítulo I que sería bo abril, esta resolución do 22 de marzo do 2018, segue asinada polo Ministro o Sr. Montoro e polas organizacións sindicais, reiteradamente as organizacións sindicais lle dixeron que abriaran unha negociación porque eses marcos de incremento salariais ao conxunto dos traballadores públicos é insuficiente, e ademais vostedes teñen marxe, aquí se fala de 2,5% de incremento anual para o capítulo I, os gastos de persoal, para este período do ano que ven, pero nós estamos a propoñer, tal e como di a propia resolución, que se incremente máis porque hai marxe de manobra, é dicir, 2,5 de marxe a ademais dio a propia resolución da Secretaría do Estado de Función Pública que aqueles concellos que consideren que despois da negociación colectiva ou despois dos acordos plenarios, acabamos de recibir unha moción do Partido Popular que incide nesa cuestión, que hai determinados acordos, podemos discutir cando aplicalos pero hai acordos sobre incrementos á Policía Local que podería perfectamente estar incrementamos no capítulo I porque hai marxe para iso e cumprir ademais determinados compromisos que se lle fixeron ás seccións sindicais, ao Comité de Empresa e tamén aos Policías e aos Bombeiros e poderíamos incluso superar ese 2,5%, pero ademais é que vostedes poñen Marcos Orzamentarios, xa o fixeron no anterior Marco Orzamentario, de que hai un equilibrio absoluto nos ingresos e logo cando vemos a liquidación hai un incremento impositivo nos impostos directos e indirectos, máis ou menos co mesmo padrón e por enriba das previsións do IPC, aínda que isto é un documento para nós é certo que é un requisito legal que ten pouco percorrido porque non sabemos cal vai ser a consecuencia dun posible cambio de goberno e posible cambio de goberno non lle chamo a que vostedes gobernen con Cidadáns que son exactamente o mesmo, senón que cunha alternativa se poña enriba da mesa a posibilidade de incrementar determinadas partidas.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade, Sr. Aneiros, máis alá do autobombo que vostede sempre practica nesas cousas, a realidade é que estes Marcos Orzamentarios que hoxe presentan vostedes aquí dos que dan conta, dos que foron aprobados, son papel mollado, e son papel mollado porque son pura invención, están falseados e lles lembro e ademais teño aquí acta dos Marcos Orzamentario do ano pasado, cando os presentaron vostedes aquí, e eu lles dicía insisto, están en acta, que eses Marcos Orzamentarios estaban falseados porque non incluían dentro das contas nas que vostedes teñen que prever tódolos gastos que van a ter que facer fronte para garantir o cumprimento do déficit e o cumprimento do equilibrio orzamentario, aquí é onde vostedes o teñen que poñer, que non eran realistas e estaban falseados porque evitaban falar dunha indemnización de 35 millóns do Auditorio Mar de Vigo a que íamos ter que facer fronte, por suposto, vostede non dixo a verdade que eu non dicía a verdade, que iso non era certo e que vostedes aquí dicían todo o que ía pasar, pois o tempo demostrou un ano despois que quen tiña a razón era o grupo municipal do Partido Popular e eses Marcos Orzamentarios efectivamente si estaban falseados, porque incumprimos o déficit e incumprimos a regra de gasto e nestes que nos presentan hoxe unha vez máis volven a demostrar que non teñen ningunha intención de facer uns Marcos Orzamentarios realistas porque tampouco está incluída unha indemnización á que imos que ter facer fronte por nada máis e nada menos que 17 millóns de euros, polo tanto, uns Marcos Orzamentarios que son papel mollado, e dicía vostede que en Vigo pola súa xestión éramos unha cidade líder, desgraciadamente somos unha cidade líder pero en paro, temos máis paro que no resto de cidade de Galicia, somos unha cidade líder en prezo dos alugueres, pagamos os prezos de alugueres máis altos de Galicia, somos unha cidade líder no prezo das hipotecas, as máis altas de Galicia, somos unha cidade líder en carencia de solo industrial, líder en carecer de Plan Xeral, líder na execución dos investimentos porque moito orzamentan pero logo son incapaces de executar, líder no cobro de impostos, os impostos máis altos de toda Galicia, líder na tramitación da renda de integración Social para as persoas que máis o necesitan, os que máis tempo tardan, e líder en tantas cousas prexudiciais para tódolos vigueses/as, e vostedes con estes Marcos que presentan hoxe aquí queren

consolidar ese modelo, o modelo de impostos altos, o modelo de inexecución, o modelo de tramitar e de xestionar os gastos de persoal como se fora o seu cortizo, novamente aquí non prevén convocar ningunha oferta de emprego público para os anos vindeiros porque se di que se vai manter o persoal existente, por certo, en canto ao capítulo I non están negociando coa Policía Local que se van amortizar prazas para poder pagarlles o que a eles se lles deben e para poder eliminar a discriminación, nin unha soa palabra nestes Marcos Orzamentarios, din vostedes que non se vai amortizar nada e que se vai manter exactamente igual que o que estaba nos anos pasados, onde menten, neste Marco Orzamentario ou lle están a mentir á Policía Local? Porque as dúas cousas son absolutamente incompatibles.

En definitiva, Sr. Aneiros, sinceramente vostede a súa credibilidade xa está, non é que sexa cero, senón que xa é negativa, non hai quen lle crea nos seus Plans Orzamentarios porque son incapaces vostedes de cumprir ningún e van vostedes a seguir coa mesma política, insisto, xa din que nos van subir os impostos agora que pasa o ano electoral vannos subir os impostos, xa din que van inexecutar o Orzamento, xa din que non van ter outra política de persoal máis que a que están mantendo, axudar aos amigos, enchufar aos familiares polo que nos condenan e condenan a un funcionario público e me alegro moito que estea aquí a Sra. Silva porque polo menos a vemos e está dando aquí a cara no Pleno da Corporación Municipal e esa é unha realidade clara, non, quen está mal é funcionario condenado a 5 anos de cárcere Sra. Silva, porque condenouno un xuíz polo enchufe da súa cuñada, Sra. Silva, non da miña cuñada, non da cuñada de ningún vigués, do seu Sra. Silva, e non deu vostede a cara, é unha pena que non haxa dado vostede a cara que o que os vigueses estaban esperando, e o que responden é que con ameazas.

En definitiva, os vigueses necesitan moito máis, outra forma, outro modelo, un modelo que lle baixe os impostos, un modelo que lles habilite solo industrial ás empresas para crear postos de traballo en Vigo e baixar o paro que temos nesta cidade, un modelo que apoia aos comerciantes en non os obriga a pechar, un modelo que apoie o turismo, o comercio, a cultura.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade é que nesta afición que ultimamente está a desenvolver a Sra. Muñoz as actas deste Pleno pois hai que deixar constancia

dalgunhas expresións que quedan reflectidas nesas actas, vostedes fala de cousas moi graves, falsidades, vostede é mostra dun Partido Popular que calumnia, dun Partido Popular que é hipócrita porque aquí di o que di noutras cidades, aquí di que somos a peor cidade, pero en Pontevedra tamén o di, en A Coruña tamén o di, en Ourense tamén o di, si o din, en Ourense tamén gobernan e fan o que poden xa o vimos, 6 millóns de euros en investimentos, 48 millóns de euros no Concello de Vigo, pero mire, dicía que son a mostra da calumnia e da hipocrísia porque no relato de supostas inexecucións que temos esta relactando competencias propias da Xunta de Galicia, que fai a Xunta de Galicia en políticas activas de emprego, que fai a Xunta de Galicia no control dos alugueres, que fai a Xunta de Galicia no chan industrial, que fai a Xunta de Galicia na Risga, mire, nós somos un goberno que cumpre, que atende as necesidades dos cidadáns e un goberno que por certo parece que non se decata Sra. Muñoz, o Auditorio non lle gustou nada aos vigueses pese a quen lle pese, iso é o pasado, é o Orzamento do 2018, estamos a falar do futuro, orzamentos de 2020, 2021 e 2022. Pero miren, tamén o señor voceiro de Marea de Vigo hai que dicir que anda ancorado no pasado, seguimos 4 anos tamén co mesmo discurso, mire nós acompañamos a execución orzamentaria unicamente á legalidade porque hai procedementos de exposición pública que duran por exemplo 90 días hábiles, polo tanto, esa é a execución que acompañamos, á que facemos referencia e na nosa programación si que está executar completamente os orzamentos de facenda, os orzamentos de investimentos do Concello de Vigo. Miren, imos rematar máis que lles pese, a rúa Pazos, a rúa Mantelas, a Estrada Provincial, a Travesía das Escolas Públicas, a rúa Serafín Avendaño, a rúa Camelias, as obras da Praza de América, as obras da rúa Aragón, da rúa Gregorio Espiño, imos desenvolver ese gran proxecto da Gran Vía, pese o que lle pese ao Partido Popular, imos a desenvolver tamén as obras da Porta do Sol, pese o que lle pese tamén ao Partido Popular, esas obras de transformación da cidade, dos ascensores de Isabel a Católica, Juan Ramón Jiménez, tamén o novo ascensor á estación do AVE e tamén cubriremos as carencias da Xunta de Galicia, todo aquilo que a Xunta de Galicia non fai para a cidade faino este goberno, os orzamentos deste Concello, por exemplo, coa cubrición dos patios dos colexios, cubriremos o patio do Colexio Canicouva, o patio do Colexio García Barbón e outros tantos, facemos campos de fútbol, arranxamos

o noso patrimonio histórico como Finca Solita e desenvolvemos novas instalacións para a cidade como o pavillón de Quirós ou o de Romil, diso van eses orzamentos e diso van eses Marcos Orzamentarios para os vindeiros anos Sra. Muñoz pese a que vostedes non se decate.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

4(38).- DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO EXERCICIO 2018. EXPTE. 4865/550 (REXISTRO PLENO 1988/1101).

ANTECEDENTES: Con data 14.03.2019, o Presidente do Tribunal Económico Administrativo da conta da memoria do exercicio 2018, transcrita a continuación.

MEMORIA DO ANO 2018

“Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario de 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ó ano 2018, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

No ano 2018 é obrigado facer mención a un feito relevante na composición do Tribunal, e trátase do nomeamento de D^a. María José Loureiro Bada, coma Secretaria do Tribunal Económico-Administrativo, con efectos do 1 de agosto de 2018, por vacante do cargo, debido a Xubilación do anterior Secretario do Tribunal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Despois de 14 anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns de Vigo, na súa condición de contribuintes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas, en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademáis, o Tribunal seguía exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas

e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflictividade fiscal.

No ano 2018 segue a consolidación e o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, tanto por parte das persoas físicas, como por parte das persoas xurídicas.

As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación, tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións, bonificacións, etc.), como de dereito procedimental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baseáanse en varios motivos.

No exercicio 2018, celebráronse 29 sesións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo; nas que tratáronse un total de 282 asuntos. O que supón unha media lixeiramente superior ás dúas sesións por mes. Estes datos reflicten unha continuidade e normalidade da actividade respecto ao exercicio anterior.

A xurisprudencia constitucional relativa á Plus Valía Municipal cobrou nos anos 2017 e 2018 unha gran importancia na actividade dos órganos tributarios municipais, xunta coas modificacións referentes a notificacións e á Administración Electrónica en xeral que supuxeron xa dende o ano 2016 unha ardua labora de adaptación dos procedementos do TEA (que, lembremos, funciona có seu rexistro propio).

Ó longo do exercicio 2018 tiveron lugar as sesións que se citan no seguinte cadro; que reflicte o número da Sesión, a súa data e o número de asuntos tratados en cada unha delas.

Sesión	Data da reunión	Asuntos
2018/01	dezanove de xaneiro de dous mil dezaioito	12
2018/02	vintenove de xaneiro de dous mil dezaioito	8
2018/03	nove de febreiro de dous mil dezaioito	12
2018/04	vintedous de febreiro de dous mil dezaioito	12
2018/05	vinteseite de febreiro de dous mil dezaioito	2
2018/06	seis de marzo de dous mil dezaioito	12
2018/07	nove de marzo de dous mil dezaioito	? 12
2018/08	dous de abril de dous mil dezaioito	1

2018/09	trece de abril de dous mil dezaioito	?	12
2018/10	vinteseite de abril de dous mil dezaioito	?	12
2018/11	catro de maio de dous mil dezaioito		11
2018/12	trinta e un de maio de dous mil dezaioito	?	12
2018/13	once de xuño de dous mil dezaioito		13
2018/14	quince de xuño de dous mil dezaioito		1
2018/15	vintenoventa de xuño de dous mil dezaioito	?	12
2018/16	dezaseis de xullo de dous mil dezaioito		16
2018/17	dezaseis de xullo de dous mil dezaioito		5
2018/18	vinte de xullo de dous mil dezaioito	?	12
2018/19	dous de agosto de dous mil dezaioito		12
2018/20	tres de agosto de dous mil dezaioito		6
2018/21	vinteseite de agosto de dous mil dezaioito		12
2018/22	vinteseite de agosto de dous mil dezaioito		2
2018/23	dezaioito de outubro de dous mil dezaioito		12
2018/24	seis de novembro de dous mil dezaioito		3
2017/25	nove de novembro de dous mil dezaioito		10
2017/26	trinta de novembro de dous mil dezaioito		12
2017/27	cinco de decembro de dous mil dezaioito		12
2017/28	dezaioito de decembro de dous mil dezaioito		12
2017/29	vinte de decembro de dous mil dezaioito		12

TOTAL			282
-------	--	--	-----

Reclamacións económico-administrativas		
Pendientes 1/1/2018		217
Interpostas 2018		208
Resoltas 2018		262
Pendientes 31/12/2018		163

Tramitación por órganos

Sala		35
<i>Informes</i>		12
<i>Dictames</i>		4
<i>Reclamacións</i>		15
Estimadas	8	
Desestimadas	6	
Inadmitidas	1	
<i>Recursos de anulación e outros</i>		2
Estimados	1	
Desestimados	1	
<i>Outros</i>		2
Organos unipersonais		247
<i>Reclamacións</i>		247
Estimadas	16	
Desestimadas	152	
Inadmitidas	6	
Outros	73	
Total		282

Sesión	Data da reunión	Asuntos
2018/01	dezanove de xaneiro de dous mil dezaioito	12
2018/02	vintenove de xaneiro de dous mil dezaioito	8
2018/03	nove de febreiro de dous mil dezaioito	12
2018/04	vintedous de febreiro de dous mil dezaioito	12
2018/05	vinteseite de febreiro de dous mil dezaioito	2
2018/06	seis de marzo de dous mil dezaioito	12
2018/07	nove de marzo de dous mil dezaioito	? 12
2018/08	dous de abril de dous mil dezaioito	1
2018/09	trece de abril de dous mil dezaioito	? 12
2018/10	vinteseite de abril de dous mil dezaioito	? 12
2018/11	catro de maio de dous mil dezaioito	11
2018/12	trinta e un de maio de dous mil dezaioito	? 12

2018/13	once de xuño de dous mil dezaioito		13
2018/14	quince de xuño de dous mil dezaioito		1
2018/15	vintenove de xuño de dous mil dezaioito	?	12
2018/16	dezaseis de xullo de dous mil dezaioito		16
2018/17	dezaseis de xullo de dous mil dezaioito		5
2018/18	vinte de xullo de dous mil dezaioito	?	12
2018/19	dous de agosto de dous mil dezaioito		12
2018/20	tres de agosto de dous mil dezaioito		6
2018/21	vinteseite de agosto de dous mil dezaioito		12
2018/22	vinteseite de agosto de dous mil dezaioito		2
2018/23	dezaioito de outubro de dous mil dezaioito		12
2018/24	seis de novembro de dous mil dezaioito		3
2017/25	nove de novembro de dous mil dezaioito		10
2017/26	trinta de novembro de dous mil dezaioito		12
2017/27	cinco de decembro de dous mil dezaioito		12
2017/28	dezaioito de decembro de dous mil dezaioito		12
2017/29	vinte de decembro de dous mil dezaioito		12

TOTAL			282
--------------	--	--	------------

Reclamacións económico-administrativas			
Pendientes 1/1/2018			217
Interpostas 2018			208
Resoltas 2018			262
Pendientes 31/12/2018			163

Tramitación por órganos			
Sala			35
<i>Informes</i>		12	
<i>Dictames</i>		4	
<i>Reclamacións</i>		15	
Estimadas	8		
Desestimadas	6		

Inadmitidas	1	
<i>Recursos de anulación e outros</i>		2
Estimados	1	
Desestimados	1	
<i>Outros</i>		2
Organos unipersonais		247
<i>Reclamacións</i>		247
Estimadas	16	
Desestimadas	152	
Inadmitidas	6	
Outros	73	
Total		282

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, de data 20.03.2019, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta do funcionamento do Tribunal Económico-Administrativo deste Concello de Vigo, compre lembrar que este Tribunal Económico-Administrativo é unha das cuestións que caracterizan ás grandes cidades, as cidades que teñen a consideración de grandes cidades e polo tanto, o Concello de Vigo creou xa no ano 2004 este Tribunal Económico-Administrativo que cumpre funcións de asesoramento a distintos órganos municipais tamén de cuestión de informe sobre distintas tramitacións de distintas ordenanzas pero é que fundamentalmente estaba volcado en atender aqueles recursos que na materia de ingresos públicos, na materia de impostos, de taxas, de prezos públicos e tamén no seu caso de sancións que poidan existir, resolver esas reclamacións para facilitar a garantía desa tutela xudicial efectiva para os cidadáns da cidade e para que se poida ver dun xeito gratuito porque é un recurso administrativo é un recurso que non ten polo tanto ningún custe adicional, non ten

ningunha taxa xudicial como por certo, implantou o Partido Popular co Sr. Gallardón para algúns recursos nós resolvermos de forma gratuíta, de acordo coa legalidade estes recursos que nos propoñen os cidadáns.

No ano 2018 o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo tivo 29 reunións, o cal se facemos un promedio significa tanto como ter polo menos dúas reunións por mes, resolvendo máis de 282 asuntos que nos propoñen os cidadáns desta cidade ou que tamén nos propoñen algunhas empresas, ou contribuíntes desta cidade, actividade polo tanto, do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo foi quen de dar resolución, de resolver en definitiva 208 reclamacións interpostas polos contribuíntes desta cidade e de digamos tamén de aprobar 4 ditames e 12 informes, polo tanto, se coloca nun nivel de actividade máis que destacado, gracias ao esforzo dos funcionarios que teñen atribuídas estas funcións tamén de membros deste órgano do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo que resolve como dicía, 282 no ano 2018 e que foi quen de resolver algunhas das reclamacións pendentes que quedaban do ano anterior, hai que dicir que neste sentido a maior parte das reclamacións que se propoñen antes este Tribunal son resoltas polo órgano unipersoal, polo tanto, polo vogal delegado polo Tribunal Económico-Administrativo que tan só aqueles casos de maior complexidade ou que así o requiren pola esixencia legal son resoltas na sala do Tribunal Económico-Administrativo, como dicía en sala foron resoltas 35 cuestións, a maior parte das outras cuestións, 247 foron resoltas polo órgano unipersoal que resolve distintas reclamacións que propoñen os cidadáns na defensa dos seus dereitos e que se refiren a distintas cuestións. Neste sentido hai que destacar que o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo foi quen tamén de resolver algunhas das cuestión que propuxeron os cidadáns derivadas da anulación pola Tribunal Constitucional dunha parte do imposto de plusvalía que foi quen tamén de dar satisfacción a esas reclamacións dos cidadáns para aplicar esa doutrina dos tribunais, polo tanto, anticipando tamén as solucións que eran de legalidade aplicar na redución dos asuntos pendentes e na redución litixiolidade fronte aos órganos do contencioso-administrativo.

Por último, tamén hai que destacar a incorporación dun novo membro a este Tribunal Económico-Administrativo en substitución dun anterior membro, xa xubilado, do Sr. Manuel Xosé Lorenzo Penela que de xeito expreso se lle agradece

tamén a prestación dos servizos durante todos estes anos no Tribunal Económico-Administrativo Local. Polo tanto, situación de normalidade, repito os números, 29 sesións, case que dúas por mes, 282 asuntos resoltos, 12 ditames e 4 informes neste Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Nós cremos que é un dos grandes logros deste Concello ser un dos primeiros, hai 14 anos en asumir a necesidade de ter este Tribunal e ademais de asumir que este Tribunal pode xogar un factor determinante, momentos ademais que a recadacións municipais están privatizadas, poden xerar moito afán recadatorio das empresas que concesionan gran parte da recadación executiva, pero queríamos tamén poñer algunhas cuestións que consideramos aínda que fora só por materia comparativa hai que ter en conta, subscribimos, obviamente, a felicitación ao traballo dos funcionarios públicos que están ao fronte do Tribunal e ademais especialmente ao Sr. Manuel Xosé Lorenzo Penela na súa xubilación, no papel que xogou como secretario do Tribunal durante estes anos pero pensamos que é un Tribunal ou instrumento público escasamente coñecido polos vigueses/as, ou escasamente recorrido por parte dos vigueses/as e ademais os números, despois de 14 anos estivemos vendo as memorias, é certo que hai moitos concellos que incluso tiveron momentos nos que o Tribunal Económico-Administrativo funcionaba e hai concellos pois por exemplo como de A Coruña que leva anos sen publicar a Memoria que cremos ademais que hai un agravio comparativo en ter un instrumento e non movelo, pero claro estamos a falar de que concellos de máis ou menos o mesmo número de poboación, case unha administración moi preto ao Concello de Vigo como pode ser o Concello de Bilbao, Alacante, pois moven na contorna dos 1.600 casos anuais, Bilbao na súa memoria fala dunha media de 1.600, 16.000 casos nos 10 anos de existencia, o Concello de Vigo cunha poboación parecida apenas 282 e non é que non teñamos administrativamente os mesmos problemas que poida haber, ademais creo que a Memoria é moi concisa, quero dicir, comparativamente unha memoria ten que poñer desas reclamacións cantas son por materias, cantos son IBI, por imposto de tracción de vehículos, cantas son por taxas, por sancións tributarias e ademais cantas veñen do período de recadación voluntaria, cantas veñen do período de recadación executivo, esa información tense, é dicir, pódese aplicar sen ningún

problema a esta memoria para ter un mapa de cales son as reclamacións máis habituais dos vigueses/as, é certo que o incremento do Imposto de Plusvalía nos últimos anos pero tamén para ver se realmente hai unha demanda social de revisar algunhas ordenanzas porque hai moitas reclamacións derivadas que acaban no Tribunal Económico-Administrativo, derivadas de algunha modificación que se poida facer nas ordenanzas. En todo caso, cremos que hai publicitalo máis, que hai que incluso poñer máis recursos, son recursos escasos, obviamente polo nivel, polo volume actual de casos, pois seguramente suficientes, pero se nos queremos poñer no mesmo volume máis ou menos medio das cidades entre os segmento de 300.000, 400.000 habitantes, incluso de medio millón de habitantes, pois ao mellor si que temos que darlle unha volta e incorporar, home, Sevilla son 700.000 mil e pico de habitantes, pero ten un Presidente, tres vogais, un secretario, dous técnicos e dous auxiliares, é certo que manexa máis poboación e polo tanto manexa case máis do triplo que manexa Vigo, pero ao mellor si que hai publicitalo, hai moitos vigueses/as que non saben que existe este mecanismo, que moitas veces a reclamación se queda exclusivamente na queixa, neste caso nas ventanillas e pensamos que é un mecanismo moi útil e que debería incrementarse, non que é que nos guste que os vigueses se queixen por queixarse pero senón consideramos que 282 asuntos nun ano, pois son relativamente poucos para unha cidade do volume e da poboación de Vigo, en todo caso, reiterar a felicitación a este órgano que consideramos que é esencial e que ademais que os concellos que non o tiveron tiveron que crealo por sentenza xudiciais porque houbo incluso reclamacións dende Asociacións de Consumidores ata propios usuarios e veciños/as que levaron aos tribunais para que os concellos, estou a falar por exemplo do Concello de Alacante que tivo que instauralo pola vía despois de asumir unha sentenza, polo tanto, cremos que son melloras e que informe se podería incluso desagregar eses datos que serían importantes para facer unha valoración máis ao miúdo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar o noso agradecemento e felicitacións tamén aos membros do Tribunal Económico-Administrativo polo seu traballo e pola súa profesionalidade, son funcionarios exemplares dos que cumpren, de maneira calada e discreta o seu cometido aínda que non sempre ben recoñecido, moitas

veces están aí un pouco abandonados da man de Deus, non así outros funcionarios que se lles premia, que lles seguen vostedes premiando e mantendo a pesares de que teñan sentencias nas que lle piden 5 anos de cárcere por enchufar á cuñada da Sra. Silva, por iso, nos estraña moito que vostedes falen de corrupción e de rexeneración política cando vostedes son o goberno municipal máis corrupto de España e non é casualidade que este goberno municipal do Partido Socialista do Sr. Abel Caballero e do Sr. Pedro Sánchez haxan intentando vir aquí a rexenerar a vida política e teñan o maior número de procesados, imputados e xulgados de toda a historia de Vigo, o Sr. Abel Caballero estivo imputado, a Sra. Abelairas imputado, o Sr. Rodríguez Díaz tamén estivo imputado, o Sr. Pardo tamén estivo imputado, o Sr. Rivas, o Sr. Regades, ata o propio secretario municipal está hoxe en día, está imputado por intentarlle lavar a cara ao Sr. Rivas nun contrato de iluminación de 2016, e isto é a realidade e a realidade é tamén que vostedes mantiveron a un delinciente na Alcaldía Pedánea de Bembrive e foi o Partido Popular e os xulgados quen tiveron que botar a ese señor socialista do PSOE de Vigo, tivérono que botar de Bembrive os tribunais de xustiza porque ao final o tempo pon a cada un no seu sitio e ao final o tempo da e quita razóns e a realidade é que agora mesmo pois teñen bastantes problemas no xulgado coa súa xestión de 12 anos no Concello de Vigo, e por iso é recoñecer aos funcionarios que cumpren, aos funcionarios como os Policías Locais que tamén cumpren como os bombeiros e aos funcionarios como os membros do Tribunal Económico-Administrativo, o Sr. Albino Rodríguez, ao Sr. Miguel Pola, a Sra. María José Loureiro que foi unha fichaxe que trouxeron agora, moi bo fichaxe por certo, porque xa se xubilou o bo do Sr. Lorenzo Penela e tamén hai que recoñecer que a este Tribunal foi unha herdanza positiva que se atoparon vostedes deses tres anos e medio do goberno da Sra. Porro e do Partido Popular, que foi tan malo, malísimo e resulta que vostedes son unha moi mala copia dese goberno de tres anos e medio no que poñía bonita á cidade, que poñía flores e que se sentía a xente orgullosa de ser vigués.

Por iso, seguimos cos problemas do Tribunal Económico-Administrativo, problemas que vostedes non queren ver, que queren tapar, por exemplo, o problema da plusvalía municipal, un imposto potestativo que en Vigo se cobra porque así quere o Sr. Abel Caballero que se cobre en Vigo para recadar, para facer logo a súa

política de propaganda, de entretenemento e de distracción porque iso é o que funciona, hai que facer política de entreter, distraer para tapar estes problemas que xorden de corrupción no goberno socialista do Sr. Abel Caballero, iso é o que hai que facer, distraer e entreter, festa, fogos e lucerío para tratar de tapar o estado lamentable no que están os servizos públicos da cidade de Vigo, iso é ao que se adican, non sei os resultados que lle darán, ao mellor a curto prazo lle dan bos resultados pero ao longo dende logo para a cidade de Vigo, para os vigueses/as que vemos cada día como estamos perdendo poboación como estamos perdendo peso empresarial, como vemos que os mozos se están indo de Vigo porque Vigo non ten moito que ofrecerlles, porque vostedes non teñen moito que ofrecerlles, ese é o problema que ten Vigo, Vigo ten que mirar cara fora, mirar ao futuro e non mirarse ao embigo.

Entón o imposto de Plusvalía municipal o seguen a cobrar e negando a devolución aos vigueses que o pagaron indebidamente, e o IBI do hospital Álvaro Cunqueiro que segue por aí, o hospital público Álvaro Cunqueiro ao final os tribunais tamén deron a razón para dicir que é un hospital público e por iso non ten que pagar Imposto de Bens Inmóbles.

SR. ANEIROS PEREIRA: Manda truco, por dicilo suavemente que os señores do Partido Popular, os compañeiros do Sr. Camps, do Sr. Correa, do Sr. Bárcenas, os da operación Gürtel, os da Caixa B do Partido Popular, os compañeiros da Sra. Rita Barberá, do Sr. Carlos Fabra na Deputación de Castellón.

Imos a falar da memoria do Tribunal Económico-Administrativo porque é un órgano que resolve adecuadamente as peticións e reclamacións que fan os cidadáns en materia fiscal, en materia contributiva e facendo tamén aplicación do Ordenamento vixente, mire, o Imposto sobre a Plusvalía o esixen o 80% por non dicilo o 90% dos concellos de toda España, un imposto que está vixente polo tanto, un imposto que non é extraordinario de Vigo senón un imposto común no resto dos concellos de Galicia, de toda España, pero claro vostede se apunta a un discurso catastrofista e digamos negativo pero o certo é que parece que aínda sendo Senador non coñece nin sequera o País e polo tanto, non sabe que o resto dos concellos tamén aplican un imposto que é constitucional e legal e así o dixo o Tribunal Supremo tamén nunha recente sentenza, polo tanto, o que facemos aquí

é dar facilidades aos cidadáns para recorrer en vía administrativa os actos que entenden contrarios aos seus intereses, aplicando como digo sempre a legalidade, sempre en garantía dos cidadás, sempre en garantía das persoas que acoden a esta administración municipal, pero miren, é que tamén hai ver non só o volume de recursos, e paso a contestarlle ao señor de Marea de Vigo, o voceiro, porque nos servizos municipais, na administración de tributos tamén se fai información aos contribuíntes, tamén se asiste aos contribuíntes na resolución das dúbidas, das controversias previas a presentación das declaracións e incluso posterior a presentación das declaracións, polo tanto, non só hai que ver os números de reclamacións, senón que hai que ver tamén as tarefas previas, os traballos previos que se fan dende esta administración municipal para asesorar correctamente aos contribuíntes, para asistilos na presentación das súas declaracións ou simplemente para asistilos nas dúbidas que en materia fiscal como non é obrigado saber nin ter coñecementos específicos, si poden facer os funcionarios que atenden día a día a centos e miles de persoas nas ventanillas destes servizos municipais para facilitar esa presentación, ese cumprimento para coas obrigas fiscais dos contribuíntes desta cidade, polo tanto non só son recursos senón que tamén son e moitos máis importantes, tarefas de asesoramento e informe aos contribuíntes. Pero mire, súmome quizais a esa maior detalle que poden ter as memorias, é certo que podería ter unha maior detalle pero é certo que os feitos son recorrentes, son recursos en materia de notificacións, en materia de catastro, en materia de multas, etc., cuestións que son moi normais neste administración.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

5(39).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SOLICITANDO AO GOBERNO DO ESTADO Á INCLUSIÓN DA CONEXIÓN VIGO-PORTO NO CORREDOR ATLÁNTICO DE MERCADORÍAS. REXISTRO PLENO 1996/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2019, número 1996/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

“MOCIÓN PARA SOLICITAR AO GOBERNO DO ESTADO A INCLUSIÓN DA CONEXIÓN VIGO-PORTO NO CORREDOR ATLÁNTICO DE MERCADORÍAS

Recentemente vimos de coñecer que a conexión Vigo-Porto non será incluída na Rede Básica Transeuropea de Mercadorías, o que supón unha mala nova para a cidade e para Galicia

O acordo anunciado, resultado da negociación no Trílogo, non so supón a exclusión da rede básica, que vai recibir maior financiamento UE, tanto en termos absolutos como relativos, porcentaxe de financiamento, senon tamén a ampliación do prazo de execución da Rede Transeuropea de Transportes en máis 20 anos, xa que os periodos de execución son de 2030 para a básica e 2050 para a global.

A inclusión da liña Vigo-Porto na rede global, e non na básica, tamén vai dificultar a demanda de inclusión do porto de Vigo na rede básica portuaria da UE ,do Regulamento da RTE-T.

Esta realidade é resultado dunha decisión política do Goberno español que priorizou o corredor Mediterráneo, e do desleixo do Goberno galego e mesmo do do Concello de Vigo.

O Regulamento (UE) 913/2010 do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de setembro de 2010 sobre unha rede ferroviaria europea para un transporte de mercadorías competitivo estableceu unha serie de corredores europeos de mercadorías para aumentar a competitividade do ferrocarril fronte a outros medios de transporte.

Estes corredores europeos de mercadorías constitúen así mesmo a espiña dorsal das Redes Transeuropeas de Transporte definidas nos Regulamentos UE 1315/2013

do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de Decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de Decembro de 2013 polo que se crea o mecanismo “Conectar Europa”.

Neste contexto, a mellora da conectividade entre Galicia e Norte de Portugal é fundamental, xa que estamos a falar dunha rexión duns 6 millóns de habitantes cun grande dinamismo económico, e que conta cunha importantísima rede de portos cuxa interconexión suporía a creación de grandes sinerxias. Portugal é un dos principais mercados exteriores de Galicia e non se debe de tolerar polo tanto a desvertebración de Galicia e Portugal. Na proposta inicial de corredor Atlántico, como é coñecido, non estaba Galicia nin Vigo e a súa área de influencia.

No mes de xuño de 2018 a Comisión da Unión Europea aprobaba a proposta de integración de Galicia no Corredor Atlántico, o que significou unha boa nova e a reparación parcial do sinsentido que era a exclusión total de Galicia da rede de corredores de mercaderías europea.

Ante este feito o Parlamento galego, a iniciativa do Grupo parlamentario de En Marea, aprobaba unha proposición non de lei na que se instaba á inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico, por ser unha conexión fundamental para Galicia que atopa na unión co norte de Portugal un dos piares do seu futuro a nivel económico.

Máis tarde a Comisión de Transportes do Parlamento europeo, no día de 22 de novembro, aprobou a inclusión de varias conexións, entre elas a Vigo-Porto no Corredor Atlántico ou a Madrid-Valencia-Sagunto-Teruel-Zaragoza no Corredor Mediterráneo.

Sorprendentemente, na xuntanza do Consello da Unión Europea de 3 de decembro, non se incluíu na proposta debatida a conexión Vigo-Porto e sí en cambio a Madrid-Valencia-Sagunto-Teruel-Zaragoza.

Finalmente, e a pesar de que o Parlamento europeo sí aprobou a inclusión da conexión, a negociación final no Trílogo, deixouna fora da rede básica coas consecuencias antes explicadas.

A conexión Vigo-Porto queda fora por falta de vontade política do goberno español e polo desleixo da Xunta de Galicia, que só no tramo final do procedemento de reforma do regulamento tivo algunha iniciativa política, pero non traballou con previsión e tempo suficiente un asunto que debiera de ser estratéxico para este país.

Por outra banda o alcalde de Vigo que é, xunto con Nuñez Feijoo, un dos dous galegos membros do Comité Europeo das Rexións, nada alegou, a pesar de que o Comité sí fixo alegacións incorporando demandas de líderes doutras rexións europeas.

Descoñecemos a razón pola que o Goberno español non apostou pola conexión Vigo-Porto, pero consideramos que foi unha decisión que supuxo un trato desigual e inxusto con Vigo e Galicia, á que se aparta da posibilidade de acceder en mellores condicións ao financiamento de actuacións de modernización e mellora da competitividade das conexións ferroviarias de mercadorías.

Aínda así consideramos que hai que traballar para que inmediatamente os gobernos se poñan a traballar na mellora da conexión de Vigo con Porto e a mellora das conexións co Porto de Vigo e demais portos galegos.

Polo exposto, o Grupo municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede o seguintes:

ACORDOS:

1. O Concello de Vigo considera como estratéxico e irrenunciable a Conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico e considera a actitude que mantivo o goberno español neste asunto de tanta trascendencia para Vigo foi un agravio para a nosa cidade e Galicia, e un hándicap negativo para a mellora das infraestructuras ferroviarias que conectan con Portugal.
2. O Concello de Vigo demanda do Goberno do Estado un Plan Estratéxico para o impulso da mellora da conexión ferroviaria Vigo-Porto, dotándoo de recursos orzamentarios, e solicitando adicionalmente o financiamento dos investimentos para dito proxecto á Unión Europea.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: O que traemos nesta moción é en parte o relato trepidante das últimas semanas sobre o que ten acontecido no marco da Unión Europea sobre os corredores europeos de mercadorías e sobre cal é o estado real con toda esa manobra de dispersión e confusión, que creo que as administracións de todo tipo propuxeron con respecto a este tema e queremos poñer algunhas certezas e algúns compromisos deste Pleno. Certezas porque tanto o Ministerio de Fomento como algunhas declaracións que escoitamos, menten sobre cal é o estado de trámite ou cal é o estado de inclusión dun eixo absolutamente transcendental para o futuro económico da comarca de Vigo e nomeadamente tamén para o futuro económico do Porto que é a conexión de Vigo ou a urxencia e logo falaremos por que a urxencia da conexión Vigo-Oporto dentro do corredor Atlántico, dentro desa

rede, dese deseño que na Unión Europea non só xa se está a pechar senón que xa hai movementos moi importantes para que se vaia pechando, non con prioridade para o eixo de Galicia senón con prioridade para o eixo Mediterráneo que ten que ver moito máis con determinados acordos políticos que o goberno do Partido Socialista ten artellado, non nos parece perfecto que necesite o apoio da comunidade valenciana ata o de agora, e que eses compromisos se poñan enriba da mesa.

Que hai aquí? Pois unha manobra de distracción e unha manobra ademais, é moi difícil moitas veces en 5 minutos explicar que sistema ferroviario estamos a falar, que non é o mesmo o transporte de mercadorías e o transporte de persoas e que iso ademais xera dinámicas incluso a nivel de infraestruturas diferentes pero nós queríamos poñer nesta moción enriba dúas cuestións, que non está a conexión Vigo-Oporto dentro do que se chama a rede básica, que a rede básica é aquela que a Unión Europea a considera como prioritaria e polo tanto ten un horizonte e un financiamento para que estea presente, para que estea funcionando do ano 2030, na rede básica tanto na documentación e nos acordos do Marco europeo como no que o propio e neste caso o Secretario Xeral de Infraestruturas do Ministerio de Fomento din, pois, non está a conexión Vigo-Oporto e si está o eixo Mediterráneo. Este goberno priorizou lexitimamente ou non, pero priorizou a conexión Mediterránea sobre a conexión que daría servizo non só a toda Galicia senón que ademais nos colocaría dentro de ese eixo europeo que como sabedes entra ata o porto de Leixões e conecta por Lisboa e fai un xiro transversal que é, pois que circundaba Galicia pero que non o tocaba. Finalmente buscouse unha solución intermedia coa conexión León-Palencia que pode dar servizo a outras rexións de Galicia pero que dende logo non é a prioritaria, Vigo-Oporto non está na rede básica, Vigo-Oporto si está na rede global, que a rede global é un sistema nodal moito máis grande, a rede global ten unha serie de infraestruturas e o horizonte é o ano 2050, a automoción, os sectores produtivos que van a ter que xogar co sistema ferroviario de mercadorías, se vostedes nos din que é normal que poidan esperar a comarca de Vigo, a área metropolitana ou incluso o conxunto de Galicia nesa conexión estratéxica a nivel de fluxos loxísticos se pode esperar a través desa inclusión na rede global ata o 2050, pois a Marea de Vigo e vostedes non estamos na mesma onda do que ten que ser as prioridades da cidade de Vigo,

porque ademais é curioso ver que os que defenderon de maneira máis vehemente na Unión Europea esta cuestión foron os deputados do Partido Socialista portugués, que foron os que defenderon isto é bastante curioso ver que mentres membros da Comisión Europea das Rexións doutros países, incluído Portugal pelexaban a través dese mecanismo para que as súas localidades, os seus territorios estiveran dentro da rede básica, que os dous membros que temos de Galicia no Comité de Rexións, o Alcalde de Vigo, o Sr. Abel Caballero e o Presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo, nin sequera mandaron un tímido escrito dicindo “home, Vigo-Oporto é unha conexión estratéxica para a economía que tira case máis do 30% do PIB galego que é a economía viguesa e a súa comarca cando menos unha queixa formal no Comité das Rexións como así fixeron outros líderes rexionais de toda Europa algúns deles incluso conseguindo a modificación dentro do trámite parlamentario da Unión Europea. Polo tanto, o que pedimos nesta moción e está claro no acordo, é entender que isto é estratéxico para a cidade de Vigo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nos estamos absolutamente de acordo co que propón esta moción, e estamos absolutamente de acordo porque e cremos que é moi procedente que dende o Pleno da Corporación Municipal de Vigo nos volvamos a pronunciar sobre a extraordinaria importancia que ten esta saída sur para o Porto de Vigo porque a decisión que adoptou novamente o goberno Socialista de España, novamente digo porque non é a primeira vez, é extraordinariamente prexudicial para o Porto de Vigo e polo tanto, é extraordinariamente prexudicial para tódolos vigueses, un novo atentado contra o Porto de Vigo feito a mans do Partido Socialista, unha vez máis porque esta última decisión volveunos á memoria outras decisións igualmente daniñas que tomou os gobernos do Partido Socialista prexudicando absolutamente ao Porto de Vigo e considerando ao Porto de Vigo como un porto de segunda división. Lembrounos esta última decisión o ano 2011 cando o goberno Socialista do Sr. Zapatero cun ministro galego, o Sr. Blanco, cun Presidente de Portos do Estado galego, o Sr. González Laxe, en vez de propoñer ao porto de Vigo para Porto Nodal, propoñen ao porto de Xixón e ao porto de A Coruña, causando un dano irreparable ao Porto de Vigo porque vostedes, o seu goberno, e co aplauso do noso Alcalde Socialista, decidiron que era máis

importante que fora A Coruña e que fora Xixón Porto Nodal que fora o Porto de Vigo, un dano do que aínda non nos recuperamos e un dano que impediu que o Porto de Vigo reciba axudas europeas e polo tanto está a competir en desigualdade absoluta de condicións, nos mandaron vostedes señores socialistas á segunda división dos portos, pero é que con esta nova decisión queren vostedes manternos nesa segunda división porque tamén quixeron antes prexudicar ao Porto de Vigo un comisario Socialista coa decisión do tax-lease, extraordinariamente prexudicial para os nosos estaleiros, extraordinariamente que tamén tivo que solucionar o Partido Popular pero é que agora coa exclusión da saída sur do corredor Atlántico dan un novo estacazo ao noso porto, porque a saída sur é absolutamente fundamental para o futuro do Porto de Vigo, vostedes deberían de sabelo o que foi presidente da Autoridade Portuaria de Vigo Sr. Caballero, vostede debería de sabelo e non fixo nada, non exixiu nada para o noso Porto, non lle interesou apoiar esta demanda do Porto e da cidade porque demostrou que só é capaz de reivindicar cando goberna o Partido Popular pero están moi calado cando goberna o Partido Socialista e cando nos toma o pelo unha vez máis o Partido Socialista, hoxe vemos en prensa que ese proxecto que faláramos tamén neste Pleno do Plan Director do corredor Atlántico non é máis cun borrador, non era máis que unha presentación, un power point, ese é o nivel de seriedade que ten o goberno de España, ese é o nivel de seriedade que ten o ministro de Fomento e ese é o nivel de seriedade que vostedes lle poñen ás infraestruturas e ás comunicacións que son absolutamente básicas para esta cidade, pero iso a vostedes non lles importa por iso nas cuestións importantes non están, sempre e cando governe o Partido Socialista. Así que se nos din que a saída sur no corredor Atlántico vai á rede, non vai á rede principal e temos que esperar ata o 2050, vostedes aplauden Sr. Alcalde, se nos din que o AVE por Cerdedo temos que esperar mínimo ata o ano 2030, vostede aplaude Sr. Alcalde, se nos din que o noso porto non vai a poder acceder a financiamento europea, vostedes aplauden por que? Porque sempre os que están detrás desas decisións son os mesmos, son os socialistas, o goberno socialista de España e o goberno socialista de Vigo, e se segue a gobernar o Partido Socialista en España os vigueses xa sabemos o que nos toca, que todo se vaia ao corredor Mediterráneo para pagar manterse no goberno, van vostedes a pactar co diablo se fai falla para manterse

no goberno de España, caía quen caía, e os vigueses non queremos que quen caia sexa o Porto de Vigo, os vigueses queremos que o Porto de Vigo se lle considere como é, un dos máis importantes portos de España, que teña as comunicacións que necesita para garantir o seu futuro, queremos a saída sur, senón é con fondos europeos, con fondos propios, queremos que se aposte dende o goberno de España por Vigo e polo seu porto e dende logo o Partido Socialista xa sabemos que non o vai a facer.

SR. LÓPEZ FONT: En materia de ferrocarril que certamente é importante para esta cidade, a nosa primeira proposta e de maior importancia é o AVE directo de Vigo-Madrid por Cerdedo porque daniña foi a decisión que se adoptou para que o AVE non fose directo entre Vigo e por Madrid adoptada polo Partido Popular e nestes momentos, en relación co ferrocarril, a nosa prioridade é ese AVE directo Vigo-Madrid por Cerdedo que é o que o Sr. Feijóo negou e premeu para que non se fixese porque cando de fala de esquecerse ou cando se fala de aplaudir vostedes gobernaron durante 8 anos, a ministra a Sra. Ana Pastor foi ministra e foron os que deixaron esquecida e esta cidade en canto ao AVE e tamén en canto ao Porto e agora o que lles molesta é que todo cambiou e que o AVE a Madrid directo por Cerdedo foi desbloqueado e esta é a realidade pero ben é certo que no ámbito do ferrocarril hai outras cuestións e a nosa segunda prioridade, de forma taxante é o Vigo-Oporto, con saída sur en alta velocidade, pero ollo, porque hai que ser realista e é evidente que esta segunda saída depende da primeira. Polo tanto, é innegable que haberá tren Vigo-Oporto en alta velocidade se hai un Vigo-Madrid por Cerdedo e así converterse en grandes redes europeas e é aquí onde evidentemente hai que engadir ao Porto de Vigo para que sexa compatible coa Alta Velocidade para mercadorías porque miren, se alguén reclamou o Porto Nodal para o Porto de Vigo foi o Alcalde desta cidade, si Sra. Muñoz, dende o primeiro momento seguino reclamando e sempre o reclamaremos, sempre daremos esta batalla porque dean vostedes conta aquí do que fixo o goberno do Sr. Rajoy con todo o que están a dicir anteriormente, pero sabe o que pasa? Que a realidade para que esa conexión Vigo-Oporto sexa rede básica e sexa unha demanda conxunta é que temos que cambiar de criterios, e temos que cambiar de criterios porque para que o Porto de Vigo sexa Porto Nodal non só se debe considerar o

volumen da mercadería senón o seu valor, e hai que reclamar, señores de Marea de Vigo e de Partido Popular, unha segunda catalogación que é valor propio da mercadería e o valor engadido, Vigo ten no seu Porto menos toneladas que outros portos pero ten 10 veces máis un valor alto ligado ao valor da mercadería, non é mesmo ter a mercadería de carbón que abastecer á acción industrial e económica, non é o mesmo ter 700.000, 800.000 unidades de vehículos que só adicarse ao carbón. Polo tanto, este é criterio que temos que levar adiante.

Miren, está no Eixo Atlántico esta rede, está na rede global, en 8 meses fíxose moito máis que o que fixo o goberno do Sr. Rajoy, polo tanto, neste momento é cando contamos co actual goberno de España, para o desbloqueio do AVE e para tódalas reivindicacións relacionadas co Porto, agora si, mal que lles pese a vostedes e foi o que non fixo o goberno do Sr. Rajoy, porque hai que lembrar as posturas que mantemos cada un, e hai que lembrar que o Alcalde de Vigo dende o primeiro momento e dende a súa toma de posesión reivindicou o AVE, saída sur e o Porto Nodal, e aos feitos e as probas me remito e xa en maio de 2010, vostedes que son moi amigos das hemerotecas lembraran unha entrevista do Alcalde co entón ministro de Transportes de Portugal, onde o Alcalde desta cidade lle propuxo ao ministro de Portugal a necesidade de impulsar a liña de AVE Vigo por Oporto para comunicar toda a Eurorexión coa conformidade do Ministro de Portugal e lamentablemente non se puido facer pola chegada da crise, pero é que o 9 de novembro de 2018, hai escasamente uns meses, o Alcalde de Vigo reclamou de novo o AVE Vigo-Oporto para conectar co Vigo-Madrid, sabe o que pasa? Que o Sr. Feijóo fala do transporte de mercaderías en Vigo, pero non di nin unha palabra da alta velocidade Vigo-Madrid e foi o que mandou deter e obrigou ao Sr. Rajoy á Sra. Pastor a deter.

SR. PÉREZ CORREA: Precisamente o que nós non queríamos que aparecera nesta moción é o “chivo espiatorio” que é a variante de Cerdedo, o sexa, os gregos facían isto fai moitos séculos cando perdían unha batalla, cando lles ían moi mal nalgunha cousa, elixían entre a poboación a un tipo que sacrificaban, era un “chivo espiatorio”, aquí hai unha variante de Cerdedo que vale para expiar as culpas de malas xestións ou de derrotas no Marco da Unión Europea, hai unha derrota do goberno Socialista no marco da Unión Europea, ou un exceso de

candidez en pensar que o goberno Socialista ante a necesidade de votos do corredor Mediterráneo ía apostar por Galicia ou por Vigo, é evidente que non, calquera persoa pode ver a Resolución da Unión Europea, non hai que ir as hemerotecas, hai que ir a documentación europea onde fala claramente de que parte deses corredores que temos no Estado español vai dentro da rede básica como digo a prioritaria ou cal vai na rede global e ademais algunhas cuestións que nós queremos poñer enriba da mesa, vou dar unha mala noticia, a variante de Cerdedo tal e como está proposta na súa orixe na UXT e non emendada en ningún momento é incompatible coa rede de mercadorías, por unha cuestión que non é secundaria, que a rede de mercadorías ten que ter un ancho europeo porque estamos a pensar en que os trens é para sacalos a Europa, e a variante de Cerdedo a maior parte do seu trazado a expensas de saber onde vai o intercambiador, vai no ancho de vía do Estado español o 80% do tramo en viaduto ou soterrado e cunhas graves deficiencias para o transporte de mercadorías, pode ter unha maravillosidade que eses 2.000 millóns de euros vaian a servir para gañar 15 ou 20 minutos de transporte a Madrid, pode ser incluso interesante, pero non poñamos a cuestións das mercadorías como un elemento distorsionador porque o que están a facer é manipular a realidade e manipular a realidade de que propio ministerio de Fomento, e non o inventamos nós, recoñece que a saída das mercadorías contra eses corredores europeos de mercadorías vai a ser polo eixo Vigo-Coruña-Ourense-León e a conexión con Valencia, non hai unha predisposición de ter unha conexión de mercadorías a través do sur, non hai, no Ministerio de Fomento gobernado polo Partido Socialista pero non o había no Ministerio de Fomento gobernando polo Partido Popular e eses datos que son os obxectivos, podemos entrar na dinámica de dicir, como hai que falar dunha cousa que é o transporte de mercadorías imos utilizar o da variante de Cerdedo porque contra a Marea de Vigo queda moi ben, como eles non a ven, a pesares de que 40 anos falando sobre isto e algúns políticos non esteamos nin sequera terrealmente neste mundo, seguimos falando outros 40 anos, nós vimos a falar aquí da cuestión exclusiva do transporte de mercadorías que vostedes, o Ministerio de Fomento do seu partido e a Unión Europea acaban de consagrar, por iso non estamos de acordo en que se meta a entropía de cuestións que non teñen nada que ver coa moción que temos trasladado.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda de substitución que entendo que non aceptan, procedemos á votación.

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e dezaseis abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.03.2019 (Rex. Nº 1996/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(40).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO FUTURO GOBERNO CENTRAL A CUMPRIR COA CONSTITUCIÓN E GARANTIR ÁS FAMILIAS E AOS PAIS A LIBERDADE DE ELECCIÓN DE CENTRO EDUCATIVO. REXISTRO PLENO 2001/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2019, número 2001/1101, a voceira do grupo municipal do partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O dereito á educación e a liberdade educativa son dúas caras da mesma moeda tal e como reflexa a propia Constitución Española no seu artigo 27.1. Sen liberdade de educación non se pode exercer o dereito á educación. Polo tanto, é unha obriga inescusable dos poderes públicos garantir a liberdade educativa das familias e o dereito dos pais a elixir a educación que prefiran para os seus fillos, sen verse penalizados polo modelo que escollan, sexa público, concertado, diferenciado ou especial.

Non en van, non pode haber liberdade de ensino se non existen diferentes modelos educativos aos que optar en igualdade de condicións. Un escenario no que resultan moi preocupantes algunhas das afirmacións e suxestións lanzadas polo goberno central nos últimos meses.

Así, primeiro foron as declaracións da ministra de Educación e Formación Profesional, Isabel Celaá, establecendo unha suposta preeminencia da escola pública sobre a concertada ao afirmar, textualmente, “a concertada pode estar ou non estar, a que ten que estar é a pública porque se non, o Estado non cumpre coa súa obriga”.

E despois teñen chegado outro tipo de ataques inxustificadas contra modelos igual de lexítimos como a educación especial ou a diferenciada, perseguida tradicionalmente polos socialistas, incluso desde os escanos da oposición, na procura de quitarlles o concerto pese ao claro pronunciamento do Tribunal Constitucional.

Neste contexto, o Partido Popular quere reivindicar unha vez máis a liberdade das familias para elixir a educación que desexan para os seus fillos. Uns modelos que, á vista das cifras, son maioritariamente seguidos no noso país. Así, a escola concertada suma en España preto do 30% da oferta educativa, con dous millóns de alumnos e 130.000 profesores repartidos por 3.500 centros.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte ACORDO:

- Instar ao futuro goberno central a cumprir coa Constitución e garantir ás familias e os pais a liberdade de elección de centro educativo, sen verse penalizados polo modelo que escollan e fuxindo de calquera tipo de adoutramento educativo.”

DEBATE:

SR. GAGO BUGARÍN: A educación, a calidade do sistema educativo, o resultado dos modelos educativos son piares transcendentais na competitividade dun país, no desenvolvemento dunha sociedade moderna e no propio percorrido persoal e profesional dos alumnos españois e España por desgracia temos que facer un balance de que fracasamos, España que é a 5 potencia europea, como a min sempre me gusta dicir, España que é a 14 potencia do mundo, garante un nivel educativo comparado inferior, tradicionalmente á media da OCDE, non foi ata o ano 2016 cando converxemos nalgunhas sinaturas como lingua, ciencias, por primeira vez nese termo medio comparado da OCDE e foi un goberno do Partido Popular, e foi un modelo educativo do Partido Popular o que conseguiu que chegáramos á media de OCDE, algúns se sentirán satisfeitos con estar nesa media pero dende logo nós, dende o Partido Popular entendemos que sendo un piar fundamental, a educación debe garantir un nivel competitivo e formativo dos mozos españois á altura que se merece o noso país. Un modelo educativo da LOMCE que en poucos anos de vixencia demostrou combater os tres grandes malos, os tres grandes problemas que ten a educación en España, primeiro, reducir o abandono escolar temperará, o segundo, reducir o fracaso escolar e o terceiro, obter mellores resultados nos informes PISA, eses informes que nos permiten establecer unha media comparativa con alumnos e mozos da mesma idade doutros países de Europa e do mundo, é dicir, só un único modelo educativo que é o da LOMCE, o do Partido Popular, demostrou obter bos resultados, e o resto de modelos educativos que tivemos no noso país ao longo destes 40 anos foron modelos socialistas fracasados, esta é a auténtica realidade, e agora resulta que o goberno do Sr. Sánchez xa dimitido e unha vez convocadas as eleccións a través do Sra. Cela dinos que van facer unha derogación da Lei educativa para promover e propoñer outro modelo educativo que tenda como sempre, á baixa no nivel educativo das esixencias e na calidade dos alumnos españois e nós por aí evidentemente non imos pasar porque é, como dicíamos, un eixo fundamental para a competitividade e a formación dun país.

O dereito á educación e á liberdade educativa son dúas caras da mesma moeda e ven recollido polo artigo 27.1 da Constitución e polo tanto, sen liberdade de educación non se pode exercer o dereito á propia educación e vostedes atacan constantemente ese dereito fundamental dos pais a elixir a educación que prefiren

para os seus fillos, o atacan constantemente e que debe ser garantida polos poderes públicos con independencia de que o modelo que escollan sexa público, concertado, diferenciado ou especial, non pode existir liberdade educativa precisamente se non existen diferentes opcións educativas as que se poden optar en igualdade de condicións, pero é que ademais de non entendela o atacan, esa é a realidade do seu modelo educativo e de entender a educación en liberdade en España, ataca a educación concertada con frases como a que di a Sra. Celaá de que a educación concertada pode ou non existir no noso país, iso non concirne ao estado, atacan con desprezo á educación diferenciada ou especial, eu aquí quero facer un parón porque en función de con quen falemos, pois se hai que ir a pedir o voto aos centros de ensinanza diferenciada pois entón en función de quen vai a pedir o voto, si é o Sr. Alcalde, pois omite que o seu partido e os seus delegados no Parlamento autonómico e os seus delegados no Parlamento nacional e os seus membros do partido aquí en fronte, non están de acordo cunha educación diferenciada pero como hai que pedir o voto, pois omitimos iso, agora ben no Parlamento autonómico, no Parlamento nacional e nas declaracións públicas vostedes se mostran en contra constantemente da existencia desta educación de calidade que cando imos ás comparativas nos exames de acceso á universidade comprobamos que efectivamente se atopan entre os mellores colexios da cidade, esa é a demagogia en materia educativa que o goberno Socialista de Vigo en connivencia co Partido Socialista de Madrid, poñen en práctica en relación á educación, e claro, nos o que lle propoñemos e o que lle insistimos e o que lle rogamos é o que nos din a cantidade de pais que teñen aos seus fillos en centros de educación concertada, diferenciada ou especial e é que instamos ao goberno central a cumprir coa constitución, o máis básico é fundamental que é cumprir coa norma fundamental do estado e garantir ás familias e aos pais a liberdade de centro educativo, sen verse penalizados por ese modelo educativo que escollan. Esta é a realidade, está "clarito", como a vostedes lles gusta dicir e esperemos que estean de acordo, non só na votación senón despois nas manifestacións públicas.

SR. PÉREZ CORREA: Eu detecto certo medo escénico, eu prometo, e ademais nos últimos meses quero aplicalo, non vou falar do partido que aterroriza ao Partido

Popular, que lle ten medo escénico, ese partido de cor verde, non vou facer spoiler do seu nome, pero hai un medo escénico a que este partido faga o fito ao Partido Popular, se vostedes queren ir un paso adiante por Vox, pois pidan que se eduque aos nenos con estilo comunidade sectárea, en ranchos e os nenos e que o Estado non participe na educación pública porque o Estado contamina aos nenos, hai miles de seitas nos Estados Unidos, comezando polos Mormóns, que evitan que os nenos estean dentro do sistema educativo público, que enriba propoñer isto nunha cidade como Vigo que lle vou dar os datos, nos centros públicos de Vigo hai matriculados curso 2017-2018, os últimos datos que temos, 18.263 nenos, nos centros concertados e privados 19.798 e ademais cunha avantaxe absolutamente brutal porque vostedes propoñen un escenario de zonificación escolar que permite que os autobuses dos colexios privados poidan atravesar a cidade de norte a sur, de este a oeste e os rapaces que estean nos centros públicos estean en condicionados ao transporte e unha zona escolar acoutada e que nalgúns casos na zonificación que vostedes propoñen é para que algún centro relixioso estea beneficiado, polo tanto, esta moción é unha moción que eu quero pensar que non está no cerebro da xente do Partido Popular e si no cerebro dos señores eses que van a cabalo con pistola, porque é absolutamente ridícula, propoñer que neste país hai un problema de escoller libremente a educación do seu fillo cando isto é un páramo de colexios privados-concertados, hai incluso un apoio institucional por parte da Xunta de Galicia e nalgún momento do goberno do estado e ademais hai unha gran diferenza co que se está propoñendo agora, podemos discutir cal foi o resultado das anteriores reformas educativas e dos escenarios educativos que tivemos ata agora, pero había unha cuestión que non existe agora, que había consenso e non só do goberno senón dos pais, profesores, dos sindicatos, dos docentes, era unha realidade que había consenso e ese consenso esta roto e polo tanto a min me parece, é curioso en min, pero non cambiaría unha coma do da Ministra, a concertada pode estar ou non estar, a que ten que estar é a pública porque senón o Estado non cumpre coa súa obriga, Constitución española, xa está. Se hai un negocio que é a educación concertada pois como pechan a pizzerías porque non lle da cartos, pois tamén poder pechar a educación concertada, iso si, polo de agora non podemos facelo porque non temos a capacidade de asumir, creo que en Vigo nalgún sitio si, estou a falar de Teis, onde sobran prazas na

Educación Pública e algúns colexios son beneficiados sistematicamente, e eu penso que por agora a concertada o que está a facer é suplir as carencias do sistema público que non fomos capaces de desenvolver a pesares deses compromisos importantes que se adquiriron na transición que é cando se fixo a Constitución e na transición había incluso no espírito da Constitución que a educación pública, ademais unha cuestión que me gustaría que aparecese aquí, a educación pública ten unha función social que é a igualdade de oportunidades e esa é a función primordial que vostedes esquecen cando estamos a falar da liberdade, claro, se vostede quere levar ao seu fillo a un colexio da Opus Dei, pode facelo pero a igualdade de oportunidades que marca a educación pública para evitar esa discriminación, o que se falaba nos anos 80 e 90, función compensatoria e socializadora da educación pública e iso é unha das cuestións que agora mesmo está en risco, está en risco polos recortes sociais, está en risco polas limitacións administrativas que se poñen, eu son pai dunha nena nun colexio público e a miña capacidade de escoller ou non centro pola zonificación moitas veces vai motivada por unha cuestión de transporte ou por unha cuestión incluso de servizos educativos que non existen na privada, eu pódolle dicir tódolos días os autobuses rotulados de colexios privados que atravesan toda a cidade, iso nun centro público non se pode, polo tanto, é un agravio comparativo positivo a favor da educación concertada privada nesta cidade, por non falar de que reservan incluso nas actuacións urbanísticas do Partido Popular como é en Navia un terreo sospeitoso ao carón do colexio Amor de Dios non vaia ser que creza poboacionalmente o barrio de Navia e haxa que ampliar ese colexio, pero non nos din onde vai o instituto público, iso si que non o din, pero o espazo ao carón do colexio Amor de Dios, ademais graciado perfectamente como espazo dotacional, perfectamente pode ser unha opción de ampliación dese colexio privado e polo tanto, esta moción non é unha moción real é unha moción do medo e non teñan medo vostedes a Vox que eu creo que o Partido Popular fai iniciativas moito máis serias que a cuestión dos pistoleiros de Vox que están a utilizar.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Antes de nada Sr. Gago, voulle clarexar dúas cousas da súa intervención, primeiro entendo que vostede non pertence ao sector, vostede non fai máis que confundir determinados termos que son a liberdade de elección e a

liberdade da educación, cousas que son completamente distintas, pero despois tamén voulle dicir, dende hai moitos anos Galicia ten transferida as competencias educativas e na maior parte deses anos gobernou o Partido Popular, os resultados terán algo que ver con vostedes non? Pero agora voulle dicir, encántame a presentación desta moción porque nela recoñecen vostedes mesmos a caída en picado do seu partido porque recoñecen que saben que non van gobernar porque senón non necesitarían facer peticións porque o farían como o fixeron ata o de agora, e como seguen facendo en Galicia, a golpe de Decretos, sen ter en conta a comunidade educativa incluso tendo en conta a todos. Todo comezou co Real Decreto 14 do ano 2012, que aprobou o goberno do Sr. Rajoy tan pronto como entrou na Moncloa, que casualidade, foi a escusa da racionalización do gasto educativo, supuxo a destrución de máis de 32.000 postos de traballo de profesores e de menos de 7.000 millóns investidos en Educación e continuou despois coa Lei Wert, a LOMCE, que o Partido Popular sacouna adiante el só, coa súa maioría, sen ter en conta ningún dos partidos do resto do arco Parlamentario, e segue continuando en Galicia coas sorpresas de fin de curso, co peche de unidades e de centros e falan vostedes de liberdade de elección de centros pero non falan de calidade educativa nin de igualdade de oportunidades, e presentan esta moción en Vigo que está ben, porque ademais de recoñecer a influencia do Alcalde en Madrid xa saben vostedes que haberá voces desta cidade no Parlamento, polo menos dúas que loitarán contra o retroceso que supuxeron tódalas políticas do Partido Popular, que loitarán polo dereito de todos/as, pero sobre todo estas dúas voces de aquí, as de aquí estarán xunto coa do Alcalde, seguirán loitando polo seu compromiso profesional e político, a Educación. Pero non se decatan porque a comunidade educativa de Vigo non fala de liberdade de elección pero leva anos reivindicando outros problemas, incluso aquí neste Pleno, problemas que vostedes deberían trasladarlle á Xunta de Galicia, pero non, como sempre cando falamos de Vigo vostedes dicindo non e dándolle as costas á cidadanía, porque non falan vostedes de zonificación educativa desta cidade, ou máis ben da falla dela, falámolo moitas veces neste Pleno pero seguen sen escoitalo, da vergoña, home que isto pase na primeira cidade de Galicia, si Sr. Gago, na primeira cidade de Galicia porque o Sra. Marra e eu nos sentimos orgullosas de representar a esta cidade non como parece vostede, por que non fala vostede dos problemas

estruturais dos centros educativos? Das súas demandas de investimentos en dotacións? Porque unha parte da calidade da educación depende das condicións das infraestruturas onde se leva a cabo, non é o mesmo traballar coas fiestras por onde entra o frío, ou con cubertas con amianto ou sen patios cubertos onde facer deporte ou saír ao recreo e por outra banda a calidade da educación tamén depende dos profesionais e deses profesionais que o Partido Popular lles aumentou as horas de traballo, o número de alumnos por aula e lle conxelou o salario. Por que non falan vostedes das carencias nos cadros de persoal do profesorado en moitos centros sobre todo de especialistas na atención á diversidade porque aí radica a igualdade de oportunidades ou facemos distinción en función da situación económica da familia, por que non falan vostedes da construción dun instituto en Navia ou eses alumnos de 11 e 12 anos que elixiron o colexio de Navia teñen que marchar 10 quilómetros a outro instituto, iso non é importante para vostedes? Por que non falan do aumento da oferta dos ciclos de FP que vai permitir que máis de 100.000 mozos que marcharon de Galicia que é unha vergoña, pois ao mellor teñen outra oportunidade? Pois eu voulle dicir unha cousa, nos estamos cos centros de Vigo, comprobe esta tarde nos Vigueses Distinguidos, aí non, probablemente non o poida comprobar porque vostedes non quixeron recoñecelos como vigueses distinguidos, nós estaremos aquí e apoiaremos os centros, sempre os centros da nosa cidade.

PRESIDENCIA: Eu lles prego que agora deixen que se peche atendendo ó que ten que dicir quen presentou a moción.

SR. GAGO BUGARÍN: A Vox vaille pasar exactamente igual que ao seu partido, no momento que teñan a oportunidade de responsabilidade de goberno, no momento no que se abra o debate para falar de cousas serias, vostedes desaparecen e están caendo en picado e por iso o Partido Socialista está retomando e crecendo nas enquisas porque o problema o teñen vostedes, non o temos nós. Ademais vostedes asaltan igrexas, capelas porque ademais de non crer nos centros relixiosos tampouco cren na liberdade educativa, esa é a realidade e senón que llo pregunten á voceira de Podemos no goberno de Madrid. Sra. Silva vexo que as súas pregarías non se cumpren nestes momentos.

Sr. Pérez Correa, vostede fala da igualdade, da promoción, da educación pública no noso país e nós demostramos ao longo destes 7 anos do goberno do Sr. Rajoy que estamos absolutamente a favor da educación pública, só faltaría, é un dereito legalmente constituído e recollido na Constitución e nós achegamos a maior contía da historia en financiamento de becas e axudas para o estudo en España, a maior, xa lles gustaría a vostedes, lles digo a cifra e comparamos despois ante os medios de comunicación, 1.600 millóns de euros, pasamos de 1.520 millóns de euros que xa fora a maior e agora 1.600 millóns de euros, esa é a auténtica realidade Sra. Alonso, por desgracia no noso país temos un problema de desigualdade e é que onde gobernan vostedes, xa o sabe vostedes que é do gremio, onde gobernan vostedes os seus modelos educativos mostran resultados comparativos inferiores a onde goberna o Partido Popular, o fracaso escolar, o abandono escolar pero sobre todo a nivel competitivo vostedes están condicionando a competitividade dos alumnos españois onde vostedes gobernan porque os alumnos canarios, por desgracia, os alumnos en Andalucía e en comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular por desgracia e non en virtude da súa intelixencia teñen un nivel comparativo educativo inferior a Galicia, vostede falaba de Galicia é que Galicia está por enriba da media da Unión Europea, Sra. Alonso, é que non se decata de onde vive nin de onde exerce a súa vocación educación, en Galicia e Galicia está entre os tres mellores modelos educativos de España e por enriba da media europea, onde gobernan vostedes están por debaixo da media española que é moi distinto.

Mire, isto é moi sinxelo, vostedes están de acordo e vai a votar proximamente no Congreso de Deputados, se é que a elixen, no concerto xeral educativo, vai a votar a favor ou non do concerto xeral educativo iso é o que españois e os vigueses queren saber se vostede vai ou non a votar e de aí vai a moción, eu vou a ir ao Congreso dos Deputados e vou defender aos mozos que estuden na educación concertada, non lle caiba ningunha dúbida e debe vostede ter en conta que o 30% do alumnos españois estudan na educación concertada, entón dígalles aos medios de comunicación dígalles aos vigueses, se vostede agora, proximamente, porque presentaremos unha PNL no Congreso se vostede vai a votar a favor do concerto xeral educativo, dígao.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Presidente, tamén se atopa ausente a Sra.. Abelairas Rodríguez)

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.03.2019 (Rex. Nº 2001/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(41).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO MINISTERIO DE DEFENSA A MANTER ABERTA E OPERATIVA A SUBDELEGACIÓN DO INSTITUTO SOCIAL DAS FORZAS ARMADAS (ISFAS) EN VIGO. REXISTRO PLENO 2002/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2019, número 2002/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O goberno socialista presidido por Pedro Sánchez e a súa Ministra de Defensa, Margarita Robles, acaban de dar unha nova mostra do escaso respecto que sinten pola nosa cidade. O Isfas, Instituto Social das Forzas Armadas, que atende a varios miles de persoas na Subdelegación de Vigo (cálculase que roldan as 4.000 entre titulares cotizantes, non cotizantes e beneficiarios), abandonará a cidade, e o sur da provincia, este ano.

Así o decidiu o Ministerio de Defensa a través do Consello Reitor do organismo autónomo. As xestións, desde impresos, informes médicos, receitas ou calquera tipo de consulta ou incidencia, deberán realizarse en Pontevedra.

O Isfas encárgase do Réxime Especial de Seguridade Social das Forzas Armadas, Garda Civil e funcionarios civís adscritos a Defensa. Así, afiliados de Vigo e doutros concellos que necesiten os servizos médicos que rexen para Benemérita, militares e os seus familiares directos, deberán realizar a tramitación necesaria en Pontevedra, segundo cónstalle ás principais asociacións das Forzas Armadas e tamén polas publicacións nos boletíns internos de Defensa. O peche é xa un feito posto que Vigo xa non figura entre as localidades con servizo de Isfas na web da institución.

Vigo, ademais, tamén perderá outra cifra de valor, a dos desprazados, pois a oficina existente ata o de agora na nosa cidade tramita numerosas xestións de afiliados doutras comunidades autónomas que elixen a ría viguesa como destino vacacional.

A primeira cidade de Galicia perderá así un servizo público corenta anos despois de conseguilo. Cinco persoas prestan atención na subdelegación viguesa, situada na planta baixa do número 46 de Gran Vía, propiedade do Ministerio de Defensa. O peche do servizo en Vigo, nunha das principais zonas comerciais da cidade daría opción ademais ao Ministerio de Defensa de poñer o inmovible no mercado con unhas cuantiosas ganancias.

Esta é a actitude do Ministerio de Defensa coa principal cidade de Galicia, un recorte de servizos sanitarios aos vigueses e viguesas que dependen deste servizo, e o promotor do mesmo é o mesmo ministerio que dilapida centos de miles de euros no grupo 45 das forzas aéreas que opera o Falcon no que viaxa o Presidente do Goberno Pedro Sánchez.

Por outra banda, o apaño que pretende levar a cabo o Abel Caballero con Ministra de defensa, para lavarlle a cara ao goberno, de abrir unha ventanilla municipal dous días á semana nos parece unha nova burla aos vigueses. Se esta decisión fose tomada por un goberno que non fose socialista o rexedor vigués tería posto o grito no ceo o convocadas varias marchas e concentracións.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte ACORDO:

- Instar ao Ministerio de Defensa a manter aberta e operativa a Subdelegación do Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) en Vigo e a restituír de xeito inmediato a información de dita subdelegación na páxina web do Ministerio”

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Todo o mundo sabe que agora en Vigo o goberno do Sr. Sánchez do PSOE e do PSOE do Sr. Caballero, resulta que en 8 meses non fixeron absolutamente nada, en 9 meses dicían que ían soterrar a VG-20 e polo menos que lle poñan bombillas ou que lle dean unha capa de asfalto, xa non pedimos o soterramento da VG-20 pero o que nos atopamos é que o AVE a levan ao 31, que nos eliminaron a autovía Vigo-Porriño, que desaparece Vigo na Rede Transcantábrica de Mercadorías, unha calamidade, e agora resulta que nós en Vigo temos unha oficina do Ministerio de Defensa do Instituto Social das Forzas Armadas na rúa Gran Vía, unha oficina que é propiedade, que gasta 20 euros de luz ao mes e ten 4 ou 5 funcionarios pero na que se fan 60.000 ou 70.000 trámites ao ano, porque tódolos Gardas Civís e as súas familias, tódolos militares, tanto do exercito de terra como do exercito da armada e do aire se houbera algún, pois teñen que facer aí os seus trámites médicos, as súas prestacións sanitarias, visar as receitas, xestionar prestacións dentais, ortoprotéxicas, de todo Vigo e toda a área metropolitana de Vigo ata A Guarda, dende o Verdugo ata A Guarda e resulta que é que vostedes, os socialistas que tanto se lles enchía a boca de que lles ía chegar un goberno socialista en Madrid e que se ían a arranxar tódolos problemas de Vigo e resulta que non se arranxou ningún, o malo malísimo do Sr. Montoro que dicía que non se podía investir o superávit orzamentario, que obrigaba a cobrar o imposto de plusvalía municipal, que pasa? Pero si temos agora outro goberno do PSOE e seguen vostedes cobrando a plusvalía e non se pode investir o superávit municipal, pero que broma e esta? Agora din que queren pechar o ISFAS en Vigo, e vana pechar non é que o digan é que o boletín oficial do Ministerio de Defensa, do 5 de febreiro di que antes do 31 de decembro ten que estar pechado o ISFAS e despois hai unha instrución na que xa se cesa ao Subdelegado do ISFAS en Vigo, resulta que 60 cidades de España teñen delegación do ISFAS e Vigo non está para

o PSOE dentro das 60 principais cidades de España, ou sexa que Vigo é o que pesa a parte da festa e dos programas de Buenafuente e toda a risa e ese entremetemento e a distracción para despois facer as súas cousas aquí en Vigo, esa política de entremetemento e distracción para logo enchufar e desenchufar, dar contratos a dedo etc., que logo xa está saíndo todo nos tribunais porque ao final o lixo acaba flotando, cando alguén tira o lixo pois acaba no mar flotando, entón esa é a política do PSOE de Vigo é quitarlle a Vigo algo que levabamos gozando del dende 1978, dende que se creou o ISFAS e e o Alcalde mellor que ninguén deberíao sabelo, e debería deixarse de “plamplinas” que agora di que se fora ver á Ministra, que si falou por teléfono, mire, a páxina web do Ministerio de Defensa, do ISFAS, hoxe pódeno ver nos seus teléfonos móbiles ou non seu ordenador, ven as delegacións e ven 50 cidades pero non está Vigo, pinchan na provincia de Pontevedra e nin sequera aparece Vigo que está aberta, hoxe está aberta de 9 a 14 horas e ademais é unha oficina que atrae a moita xente, moitos desprazados en verán, que veñen a Vigo a facer xestións e veñen a facer xestións ao ISFAS de Vigo e non teñen que ir a Pontevedra, porque sabe que, os hospitais están en Vigo, Adeslas a dirección está en Vigo, o 80% dos afiliados á ISFAS teñen Adeslas, Muface ten oficina en Vigo e Vigo non é capital de provincia, pero o ISFAS o eliminan e por iso nós estamos totalmente en contra diso e por iso pedimos que o Pleno do Concello diga que queremos que sega o ISFAS en Vigo e que estamos en contra da decisión do PSOE do Sr. Sánchez e do Sr. Caballero.

SR. PÉREZ CORREA: Como as mocións se presentan e fala doutras cousas, pois eu vou falar da OTAN e a partires da OTAN vou baixar o que pasa co peche, e ademais me interesa que no Pleno do Concello de Vigo se fale da OTAN e deberíamos falar máis da OTAN. Aquí estamos vendo un desmantelamento de determinadas estruturas que ten o Ministerio de Defensa, non só pecha en Vigo e que tamén pecha en Santiago de Compostela e vai a obrigar aos usuarios desta Mutua das Forzas Armadas pero tamén da Garda Civil que teñen como carácter de organización dependente tamén nas cuestións non só legais senón tamén incluso xurídicas e nas cuestións de mutualidade tamén dependen do Ministerio de Defensa, polo tanto tamén é un agravio para os miles de gardas civís que fan o seu servizo en Galicia, eu creo que en Santiago de Compostela pecha e van ter

que ir A Coruña os usuarios do ISFAS para facer efectivamente as xestión administrativas porque aquí tamén a moción do Partido Popular parece que non vai haber Mutua, o ISFAS é a mutualidade a parte administrativa pero a xente vai seguir tendo as súas clínicas en Vigo, os seus hospitais e todo o que sexa o sistema de mutualidade que ten as Forzas Armadas pero que aquí tamén hai unha operación preocupante e non emendada polo Partido Socialista, o Ministerio de Defensa está a facer unha política de liquidación rápida e apresurada de gran parte do seu patrimonio e o edificio no que hoxe en día está o ISFAS de Vigo no momento, creo que tamén se cita na moción, no momento en que deixe de ter servizos relacionados co Ministerio de Defensa irá a esa liquidación de inmobles, máis de 300 nos últimos anos, inmobles de todo tipo, terreos de todo tipo que o Ministerio de Defensa está liquidando de maneira apresurada e isto forma parte da política de recortes en defensa que se foron outro tipo de recortes, eu estaría de acordo, pero que se elimine a estrutura básica de cobertura que teñen funcionarios públicos como son os militares ou os gardas civís, toda esa liquidación para que é? Home xa o dixo o Sr. Sánchez, para chegar ao 2% que lle esixe a OTAN de gasto militar nas cuestións que lles interesan á OTAN que non é que os militares teñan unha cobertura a través dun mecanismo como é o ISFAS, o que lle interesa á OTAN é que teñamos misións no estranxeiro, que compremos armas aos grandes holdings económicos de venda de armas e que poñamos o 2% do PIB que é o compromiso que o Estado español ten coa OTAN no ano 2024, que non é dentro de 50 ou 60 anos, en 2024 o Sr. Sánchez dixo que vai chegar ao 2% do PIB, este ano non, este ano conxela o gasto militar porque esta ano é ano electoral e que o primeiro ano o ministro que sexa socialista, chegue e incremente un 30 ou un 40% o gasto militar como está a facer Francia, Alemaña, Italia e outros países, pois queda mal, pero con esa lectura significa que vamos a ter que reubicar o gasto en determinadas cuestións como poden ser incluso no organigrama dos organismos dependentes do Ministerio de Defensa para chegar a ese 2% que pide a organización criminal coñecida como OTAN e nós aí dicimos que o Partido Socialista compra a herdanza do Partido Popular en materia de gasto relacionado co Ministerio de Defensa, e ademais compra tamén pois que determinados servizos que obviamente pois, eu que son neto de militares, a miña aboa falecida recentemente era usuaria do ISFAS con noventa e pico, cento e pico de anos non

Ile podemos dicir que vaia facer as súas xestións a Pontevedra porque gran parte dos usuarios é xente maior que debería ter unha ventanilla de referencia, pero a min váleme que a ventanilla de referencia do ISFAS sexa o Concello de Vigo, váleme perfectamente se esa é unha opción, non entendo outras consideracións porque ademais creo estamos todos de acordo en unificar ventanillas, oxalá teñamos un futuro que haxa unha ventanilla única para tódalas administracións e para tódalas xestións sexan do Concello, da Xunta de Galicia ou incluso da Unión Europea. Polo tanto, a nós nos parece que si, que o Goberno ten que comprometerse a que sega existindo ese servizo, pero hai que ir esclarecendo que é o que interesa dos recursos que hoxe en día son, por así dicilo, para recursos do Ministerio de Defensa e que acaben revertendo en todo ese mecanismo que se chama OTAN, que se chama participación en supostas misións internacionais, que se chama participacións tamén en operacións militares moitas veces non amparadas no Consello da Seguridade da ONU e ao mellor descubrimos que é bo ter unha política de defensa autónoma soberana e non dependente doutros intereses económicos.

SR. LÓPEZ FONT: Despois deste batiburrillo de cousas mesturadas e demais vou facer unha afirmación categórica, e é que en 8 meses de goberno do Sr. Sánchez tódolos temas importantes desta cidade quedaron absolutamente desbloqueados porque o anterior goberno do Sr. Rajoy, aparte de non facer absolutamente nada por esta cidade, demostrouse enganos como que deixaron caducar un tema de licenza medio ambiental e auditoria medio ambiental, polo tanto, en 8 meses se fixo moito máis que en todo o tempo anterior e cando o Sr. Fidalgo fala de lixo flotando, pois debe de ser o lixo do Partido Popular condenado por unha sentenza que lles deu lugar a perder un goberno da nación.

Esta moción é a mellor demostración do pouco que a vostedes lles interesan os problemas da cidade, da utilización que fan tanto de persoas como de colectivos, porque miren, saben cal é realidade desta cidade dende hai 12 anos? Que cando aparece un problema ao minuto seguinte está o Alcalde de Vigo sobre ese problema, buscando unha solución, defendendo a esta cidade por enriba de todo e de todos de cor político e de persoas como quedou suficientemente demostrado, e isto en 12 anos foi así, e os vigueses o recoñecen e aquí no tema que vostedes

propoñen temos un claro exemplo, o que ve as hemerotecas sabe que en canto este tema se propuxo ao minuto seguinte non saíu o Partido Popular, saíu o Alcalde desta cidade defendendo, propoñendo solucións e buscando a solución inmediata que o conseguiu. Polo tanto, este é o manual da política municipal, isto é o que se leva aplicando en Vigo hai 12 anos e este é o motivo da clara desconexión que teñen vostedes cos cidadás porque si ben é verdade que é unha frase que temos repetido, pero é verdade, non se decatan vostedes absolutamente de nada, non se decatan de que este problema está absolutamente resolto, de que unha ministra se comprometeu e que hai tres garantías e escoite Sr. Fidalgo, porque como tanto lle preocupa este colectivo hai tres garantías para ese colectivo, mire, a primeira garantía é a garantía da permanencia da oficina nesta cidade, segan sacando carteis, a segunda garantía é a atención aos 4.000 afiliados de ISFAS e a terceira garantía é a permanencia dos traballadores de ISFAS nesta cidade, e eu a páxina web non sei o que di, pero o que si que é evidente é que o afiliado a IFAS pode ir hoxe a Gran Vía e o atenden, vai a continuar no próximo mes de abril que está próximo e lle seguirán atendendo, cando teñan receitas para o mes de decembro, vai continuar indo a Gran Vía e cando vostedes e nós celebremos o final do ano 2019 e pasemos ao 2020, tamén en xaneiro de 2020 os afiliados a ISFAS irán á Gran Vía. Polo tanto, non se preocupen e sobre todo a quen máis nos preocupa a nós que son os afiliados que teñan a garantía de que isto non vai suceder porque saben o máis importante, que este goberno municipal, o seu Alcalde non vai consentir que haxa un desmantelamento nin vai consentir que ningún organismo público desta cidade que ten hoxe oficina e representación deixe de estar nesta cidade e como son tan aficionados ás actas e logo a dicir que dixemos non sei que, lles lembro que estamos a 27 de marzo e que hoxe é Pleno e afirmación do Sr. Font en nome deste goberno, isto é así e isto é o máis importante porque vostedes non se preocupan polos colectivos, vostedes o que lles interesa é que teoricamente haxa un problema para traer unha moción, se a vostedes lles preocupase realmente aqueles que din que lles preocupan non houberan traído esta moción, e saberían perfectamente que isto vaise a manter. Polo tanto, esta é a súa forma de facer política, este é un lodo, o de sempre, carteis, hoxe non toca levantarse, movidas, risas, outro cartel, non sei cantos carteis terán preparados, pero sabe cal é a nosa forma actuar? A do Alcalde,

minuto 1 atallar o problema, minuto 2, solucionalo e garantía para tódolos vigueses, esa.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Mire Sr. Font, non lle vou a contestar eu, vai escoitar primeiro ao Alcalde de Vigo, onte que dixo unhas declaracións, voullas a poñer.

O Sr. Fidalgo pon un audio do Alcalde no que se escoita: "Hoxe acabo de ter unha reunión coa Ministra de Defensa para tratar o tema do ISFAS en Vigo, como xa me adiantara por carta, asegúrame que imos a falar ao longo deste ano, que o ISFAS vai seguir en Vigo, que ninguén do ISFAS, ningún dos 4.000 xubilados pensionistas do ISFAS."

Acabo de falar, mire, esta é axenda de onte da Ministra a Sra. Margarida Robles, resulta que o Alcalde foi a Madrid, á FEMP pero a Ministra non estaban en Madrid, estaba en Almería, pasouse todo o día en Almería e o Alcalde que tanto lle gusta a foto, podería ter simulado e coller unha de arquivo coa ministra e dicir "estiven coa ministra e me dixo isto", pero non escoitamos á Ministra, non hai ningún escrito no Boletín Oficial de Defensa da Ministra co cal non lle imos a comprar esa moto e ademais collemos ao Alcalde co "carreto do xeadó" porque onte non estivo coa Ministra pero despois de 12 anos que nos vai a contar a nós e aos cidadás vigueses se o que fala o Alcalde é verdade ou é mentira, xa todo o mundo sabe que o Alcalde non di unha verdade nin de casualidade, iso o sabe todo Vigo, aínda así a algúns lles cae simpático eu non digo que non, entretense, se distrae pero Vigo necesita outra cousa, necesita unha alcaldesa que xestione, necesita unha muller, xa que a vostedes se lles enche a boca, da muller, da igualdade pois xa nos toca que Vigo teñamos unha alcaldesa, unha muller, que teña experiencia e que teña rigor, é certo que non vai a dar esas medallas do euro nin vai dicir "very welcome" e todas esas cousas ao mellor é menos simpática que o Sr. Alcalde pero polo menos imos a traballar para xestionar mellor esta cidade e por iso a súa palabra non vale nada, o PSOE do Sr. Abel Caballero e do Sr. Sánchez son os que van pechar o ISFAS en Vigo e agora se se está a falar deste problema é gracias ao Partido Popular que se está a mover para paralizar isto, só non se vai a pechar o ISFAS en Vigo se o próximo goberno de España é o Partido Popular, vostedes desmantelan os servizos, unha cousa é o que din e outra cousa o que fan, lles pillamos co "carreto do xeadó".

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.03.2019 (Rex. Nº 2002/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(42).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A FINALIZAR, DE MANEIRA URXENTE, AS OBRAS DE HUMANIZACIÓN EN NAVIA QUE COMEZARON EN 2017, NAS RÚAS LAMELAS, PEDRO SEIXA, LIMPIZO E POZA DE CABALO. REXISTRO PLENO 1997/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2019, número 1997/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde o xa afastado 2.017 a Xunta de Galicia comezou unha obra en Navia para emendar deficiencias das rúas: Lamelas, Pedra Seixa, Limpioño e Poza do Cabalo.

Deficiencias detectadas nesas rúas do Plan Parcial de Navia que ata a data non foron recibidas polo Concello.

Despois de dous anos, seguen cos mesmos traballos e todo indica que as obras van prolongarse durante moito tempo. A situación destas rúas é lamentable, as queixas dos veciños son continuas pola incidencia que este atraso inxustificable ten na seguridade, na iluminación e no tráfico rodado.

Sendo incapaces de levar a cabo unhas obras sinxelas permítense desde a Xunta lanzar anuncios de ampliación do Polígono de Navia. Resulta grotesto que aqueles que non son capaces de arranxar unhas beirarrúas enganen ás veciñas e veciños con ampliacións. O que necesitan os que viven en Navia ou a visitan é que se rematen esas obras que levan dous anos e que non se sabe cando terminarán. O contraste coa celeridade das obras que realiza o goberno municipal está á vista.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a finalizar, de maneira urxente, as obras de humanización en Navia que comezaron en 2.017 nas Rúas Lamelas, Pedro Seixa, Limpizo e Poza do Cabalo.”

DEBATE:

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Dende hai xa máis dun ano a Xunta de Galicia comezou a facer unhas obras no barrio de Navia para emendar as deficiencias que tiñan as rúas Lamelas, Pedro Seixa, Limpizo e Poza de Cabalo, estas deficiencias veñen xa dende o inicio do proxecto de urbanización da Xunta de Galicia, do proxecto de urbanización de Navia, xa o Concello de Vigo dende o seu momento, hai anos, non aceptou estas rúas porque non estaban en condicións, se lle instou á Xunta de Galicia que para poder recibilas o Concello tiña que telas arranxadas e de momento seguen sen ser recibidas polo Concello porque non se fixeron os arranxos que as rúas requiriran, había ao principio un convenio acordado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para que a Xunta de Galicia lle entregara ao Concello e lle dera os cartos para o Concello facerse cargo desas rúas e facer esas

obras para emendar tódalas deficiencias que tiña a Xunta de Galicia cando fixo o proxecto de urbanización desas rúas. A última hora cando estaba todo acordado a Xunta de Galicia decidiu que facían eles as obras e iso é o que nos atopamos a día de hoxe, a día de hoxe nos atopamos que a empresa que fora contratada xa non está facendo as obras e que as obras non se remataron nunca, e tódalas rúas están valadas, as beirarrúas levantadas, están parcheadas as calzadas o que ven a representar un verdadeiro perigo para os habitantes de Navia.

Despois dun ano e pico con estes traballos segue todo parado, non fixeron nada e isto indica que as obras aínda se van a prolongar durante moito tempo, non van a ser capaces de rematalas, de feito, non hai ningunha empresa dende hai moitos meses traballando. Esta situación destas rúas é lamentable, as queixas que fan os veciños dende a asociación e os propios veciños a modo particular son continuas polas incidencias que este atraso inxustificable ten na seguridade, a seguridade vial e un tema de moito risco nestas rúas, a iluminación, o tráfico rodado, a Xunta de Galicia para unha obra que fai en Vigo resulta que a fai mal, non a remata nin sequera acaba nin é capaz de continuala e permiten dende a Xunta de Galicia de lanzar anuncios de que van ampliar o polígono de Navia, resulta un pouco grotesco que aqueles que non son capaces de arranxar unhas beirarrúas enganen as veciñas/os con ampliacións cando non son capaces de rematar nin sequera os pasos de cebra mínimos ou o arranxo de simples calzadas para a seguridade dos viandantes, os que viven en Navia ou a xente que a visita porque é un barrio que ten moita xente, recibe cada día moita xente de fora, queren que se rematen xa esas obras, como xa digo levan moitos meses con elas paradas e a día de hoxe nin hai previsión nin se está traballando, nin hai previsión de que se continúe a traballar, todo isto contrasta coa celeridade das obras que si realiza o goberno municipal porque lles quero lembrar que en Navia van investidos 13 millóns de euros, 13.200.000 euros en todo o barrio de Navia, simplemente nesa zona, e é tan grave o tema de seguridade que teñen zonas que non funciona o alumado, teñen pasos de peóns sen sinalizar, non teñen redución nas baixadas das beirarrúas, entón o que insta esta moción é a Xunta de Galicia a finalizar de maneira urxente, porque despois de preto de dous anos sen rematalas, as obras de humanización en Navia nas rúas Lamelas, Pedro Seixa, Limpizo e Poza de Cabalo.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos de acordo con esta moción, todo o que sexa rematar infraestruturas que non están rematadas pois nos parece correcto, pero queríamos facer algunhas aclaracións porque isto é unha realidade en Navia e noutras zonas de Vigo, imos poñer outros exemplos, cando vostedes os viais de determinadas zonas, o desenvolvemento deses viais vai ligado ao un PERI ou a un convenio urbanístico, ata que desenvolven o PERI, os viais non se fan e eu lle podo poñer exemplos nesta cidade en tódolos barrios para parar un tren, incluso os viais que rodean a contorna do Barrio do Cura que son absolutamente insuficientes pero que van ligados ao desenvolvemento dese ámbito e polo tanto, os viais se desenvolven cando se desenvolve ese ámbito, é correcto e ademais é un problema que temos no barrio de Vilar e en moitos sitios que están afectados por esa infinidade de PERIs que van arrastrados dende o Planeamento do 93 ata o ano 2008 que non sabemos se os van incorporar.

Vostedes están poñendo aquí catro rúas en Navia que estamos de acordo, algunhas delas limítrofes co novo desenvolvemento das fases pendentes de Navia, en concreto Pedro Seixa e rúa de Lamelas que son circundantes co que vai ser o desenvolvemento de Navia, polo tanto, a pregunta non é para vostedes senón que terá que dicirnos neste caso á administración que vai desenvolver o ámbito de Navia se o desenvolvemento deses viais vai ligado as fases que se van a sacar adiante nos próximos meses, para saber si é unha iniciativa pública, para saber se é unha iniciativa privada como gran parte dos PERIs que teñen vostedes nas que dependemos do promotor que desenvolva o PERI para poder ter esas beirarrúas co ancho normal, para poder ter exactamente o que vostede reclama en Navia e lle podo asegurar que está por absolutamente toda a cidade nese secuestro urbanístico que supoñen os PERIs que non se desenvolven en tantos anos, hai moitas rúas, aquí na rúa Llorente, temos un montón de exemplos de rúas que levan 30 ou 40 anos que é certo que hai unha iniciativa privada que ten que desenvolverse e mentres non se desenvolva queda no limbo dos xustos.

Navia, pois esa zona en concreto, todas esas rúas que tamén circundan o parque Nelson Mandela, hai que darlle unha volta porque ese parque é un parque urbanisticamente abandonado e que debería de facerse un proceso integral de rexeneración que non só sexan as cuestións da rúas senón o propio parque e aí

tamén creo que a celeridade das obras é importante. A nós nos gustaría e ademais é un requirimento que se pode facer dende este Concello que a Xunta de Galicia clarexe prazos porque si que se fixo unha presentación das novas fases de Navia, si que se fixo unha acto na Delegación da Xunta de Galicia en Vigo era todo inmediato, todo urxente e estaban xa polo menos en papel postas as grandes actuacións que se ían facer en canto a vivenda e cremos sinceramente que esas rúas deberían ir ligadas ao desenvolvemento tamén da vivenda que se vai facer para completar o polígono de Navia. Por outra banda, está ben, pero nos gustaría que as celeridades tamén se apliquen a esa cantidade de infraestruturas moitas delas están escamoteando en período electoral, pintando ou limpando as beirarrúas no ámbito rural pero nós en Vigo temos moitos viais, beirarrúas, moitos accesos secuestrados por este mesmo motivo por non desenvolver os ámbitos urbanísticos que figuran no planeamento e polo tanto, pois está ben de vez en cando ver a viga no ollo propio e non no ollo alleo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Pardo, en fin, escoitalo a vostedes falar de obras e de paralización de obras e mostrarse indignado de verdade que é realmente sorprendente porque se nós fóramos aquí a presentar mocións por cada unha das obras que vostedes son incapaces de executar, por cada unha das obras que vostedes paralizan e pola eficacia da súa xestión, non acabábamos nunca, pero claro vostedes buscan, buscan e encontraron unha “obriña” que está facendo a Xunta de Galicia nunha zona de Navia para unhas rúas e de súpeto claro, teñen un problema porque vostedes saben perfectamente que tiveron un problema coa adjudicataria, que houbo un incumprimento de contrato e que teñen que rescindir e volver a licitar e iso o saben vostedes perfectamente pero atoparon esta “obriña” para traer aquí a moción e dicir que si a Xunta de Galicia iso e que si a Xunta de Galicia o outro. Mire, Sr. Pardo máis lle valería ocuparse en facer ben as obras que está executando o Concello de Vigo máis lle valería que non sei se vostede na súa faceta de concelleiro de Fomento non sei se realmente é peor concelleiro de Fomento ou de Persoal, está aí, aí, difícil elixir onde está vostede a facer unha xestión máis desastrosa, pero a nós nos importan as grandes obras que se fan na cidade, vostedes están ocupados na pequena política, nós estamos preocupados das grandes obras e a gran obra que se vai facer en Navia é a

urbanización de San Paio de Navia, esa urbanización que vostedes están empechinados en boicotear dende o mesmo comezo porque hai que lembrar e é a vostedes algo que lles molesta moito que quen fixo a urbanización e quen fixo tódolos edificios que se ven en Navia e que desenvolveron o barrio, é a Xunta de Galicia, a única que fixo un gran desenvolvemento en Vigo nos últimos anos, a única, vostedes ningunha e o Partido Socialista cando gobernou Galicia aínda menos, agora que está presumindo vostedes de obras que están a facer de 300.000 euros agora, preocúpense do gran proxecto que é acabar totalmente coa urbanización de Navia e deixen de boicotealo, porque mirenen, non fixeron máis que boicotear, en setembro de 2011 a Xunta de Galicia lles presenta o Plan Parcial de Navia por primeira vez, que fan vostedes? Tardar seis meses en contestar e en pedir modificacións a ese Plan Parcial, seis meses, a partir de aí non fixeron vostedes máis que marear, pedir modificación sobre modificación, tirar para adiante e querer atrasar cando máis podían o desenvolvemento e a realidade dese Plan Parcial, setembro de 2011, despois das trabas que vostedes puxeron, por fin en xaneiro do ano pasado do 2018 aprobamos o Plan Parcial, pero non contentos con iso aprobamos neste Pleno o Plan Parcial inicialmente e cando se abren alegacións van vostedes e se alegan a vostedes mesmos, porque presentan alegacións a un Plan Parcial ao que deran vostedes mesmos o visto bo, que cousa máis rara, Sra. Caride, claro, debe ser que non leu ben o Plan Parcial á primeira e que nunha relectura atopou alegacións que facer, e ademais alegacións que nada teñen que ver co Plan Parcial porque aquí quero dicir, o instituto téñeno que poñer vostedes no Plan Xeral, iso non ten que ir no Plan Parcial, teñen vostedes que prevelo, o ten que facer a Xunta de Galicia e vaino facer a Xunta de Galicia, pero póñao vostedes no Plan Xeral porque no Plan Parcial non ten que estar ese instituto. Seguen vostedes atrasando o desenvolvemento do Plan de Sampaio de Navia, teñen vostedes as alegacións dende o 5 de febreiro, hai 2 meses e as teñen paradas novamente e aínda non contestaron á Xunta de Galicia, seguen vostedes boicoteando este extraordinario proxecto que vai a desenvolver por certo, o único proxecto de desenvolvemento urbanístico que se vai facer en Vigo unha vez máis porque como non temos Plan Xeral porque a vostedes non lles interesa, outra vez a Xunta de Galicia vai a facer este desenvolvemento urbanístico, mentres, menos mal que a Xunta de Galicia xa redactou o proxecto de urbanización, que a Xunta

de Galicia xa fixo o estudo xeotécnico e o licitou para que se faga, en definitiva, vai camiñando todo mentres vostedes o único que son capaces de facer é paralizar e imos seguir traballando dende o Partido Popular para que en Navia exista a ampliación e se desenvolva urbanisticamente como se ten que facer, mentres vostedes seguen poñendo paus nas rodas, mentres vostedes se seguen fixando en obras nas que tiveron un problema evidentemente por iso nós tamén imos apoiar esta moción porque queremos que se solucione este problema e que se acaben con esas obras que se iniciaron, é a diferenza entre vós e nós, nós lle esiximos á Xunta de Galicia cando cremos que hai que facer algo e hai que acabalo, ímolo apoiar pero pedimos por favor que vostedes non segan bloqueando o desenvolvemento de Navia, non segan boicoteando o Plan Parcial que é o que permite que ese desenvolvemento sexa realidade.

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Mire Sr. Pérez, está moi ben o que vostede di o desenvolvemento da segunda fase pero isto que estamos a falar é da primeira fase da urbanización de Navia, todas estas rúas veñen da primeira fase de urbanización de Navia, lémbrolle que había un convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello e lle ían a ceder os cartos ao Concello para arranxar estas rúas para que o Concello as puidera recibir, 12, 13 ou 14 anos despois de que o barrio entrara en funcionamento e a xente vivindo nel, non foron recibidas polo Concello de Vigo porque non se fixo ningún arranxo, porque non se atendeu nada das canalizacións nin nada do que tiñan que arranxar.

Sra. Muñoz, mire, eu creo que o primeiro que ten que lembrar é que foi o bipartito quen fixo o desenvolvemento en Navia, non se equivoque, porque si é esperando polo Sr. Feijóo cero de cero, para unha obra que comezan pequena e vostede di unha "obriña" para preto de 12.000 veciños é unha "obriña" 12.000 veciños? Oia é unha "obriña" isto, ter as beirarrúas e nas rúas levantadas, os pasos de peóns sen pintar e sen sinalizar, iso é unha "obriña" que afecta a 12.000 persoas? É unha zona que non teñen luces, unha parte da rúa acendida e outra apagada? A un carón acendida e ao outro apagado. Mire, non é certo o que vostedes din é que é un problema xa de seguridade vial e non a van acabar, vostedes apoian esta moción porque saben que o fixeron mal e queren agora apoiar e sumarse ao carro porque como vostede di que é que unha "obriña" non é unha "obriña" é unha obra

dun barrio de 12.000 persoas con serios problemas nesa parte do barrio, problemas de seguridade, de pasos de cebra sen sinalizar, problema de iluminación, problemas varios que afectan á vida cotiá da xente, de 12.000 persoas, máis a xente que acude o resto dos días a visitala, se vostedes ten a consideración dunha “obriña” comezamos mal por aí, non se equivoque, isto é a urbanización se fará e o Concello non pon atrancos pero arranxen isto para que o Concello poida recibir estas rúas e que sabe o que quere a xente? Simplemente usalas, por pasar por elas con seguridade, poder levar aos nenos e cruzar o paso de cebra sen problemas, cando nós xa lle digo, 13.200.000 euros nun barrio, iso si que é unha “obraza” non unha “obriña”, 13 millóns de euros e cando había problemas cos pasos de peóns 200.000 euros executándose a día de hoxe para aumentar a seguridade vial, cousa que vostedes fan ao contraio.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Presidente; así mesmo atópase ausente a Sra. Abelairas Rodríguez)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.03.2019 (Rex. Nº 1997/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(43).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE, A DEIXAR SEN EFECTO O CONTRATO DE COLOCACIÓN DE CARTEIS NOS HOSPITAIS DE GALICIA, ONDE SE REFLECTA HOSPITAL PÚBLICO, E INVESTIR ESE IMPORTE NA

CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO PÚBLICO GRATUÍTO NAS PARCELAS DAS QUE DISPÓN O COMPLEXO ALVARO CUNQUEIRO. REXISTRO PLENO 1998/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2019, número 1998/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Vigo sufriu a agresión permanente do goberno de Núñez Feijoo en todos os aspectos: infraestruturas, políticas sociais e de emprego, caixas de aforro, etc. Pero singularmente debe considerarse como agresión o ter o único hospital privado de Galicia pagado con fondos públicos. Ano tras ano nos Orzamentos da Xunta de Galicia figura o pago a unha empresa privada.

Os recortes en Sanidade foron múltiples, tentando esnaquizar o sistema público sanitario como así denuncian reiteradamente os profesionais da Sanidade e todo o corpo social de Galicia.

Como de se dun insulto tratátese, desde a Consellería de Sanidade anúnciase que se van a gastar 600.000 euros para colocar uns carteis en 10 hospitais de Galicia onde se reflicta que se trata dun Hospital Público.

É absolutamente inmoral este gasto. Pero no caso de Vigo, querer rotular a un Hospital Privado como público é un insulto incalificable. O Hospital Alvaro Cunqueiro é privado. Dio a súa concesión, o Rexistro Mercantil da empresa e os Orzamentos da Xunta de Galicia de cada ano.

O que piden as veciñas e os veciños de Vigo é que ese Hospital sexa público, pero de verdade e non polo rótulo, e piden aparcadoiro gratuíto para deixar de ter que soportar un copago á Sanidade. Aspecto denunciado reiteradamente e obxecto de aprobación de mocións neste Pleno.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Consellería de Sanidade, a deixar sen efecto este contrato para colocar eses letreiros e destinar, o importe previsto aos rótulos, á construción dun aparcadoiro público gratuíto nas parcelas que o complexo do Alvaro Cunqueiro dispón no recinto e que non son utilizadas. Aparcadoiro nas mesmas condicións que o construído polo Concello de Vigo.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: É unha obviedade que o goberno do Sr. Feijóo castigou a Vigo permanentemente, castigouno en todo, podería falar de infraestruturas, de caixas de aforros, absolutamente a todo pero castigou especialmente na sanidade e é evidente que é así percibido polos vigueses e é percibido polos usuarios da sanidade que cos profesionais se manifestan continuamente e saen á rúa os profesionais inclusive, se produce o movemento das dimisións en demanda de mellor calidade asistencial e polo tanto, sectorialmente tamén se castigou a esta cidade, en relación co novo hospital de Vigo permanentemente e cren que porque o repitan 100 veces vaise converter nunha verdade, veñen negando o carácter privado deste hospital pero non ten dúbida, o seu concurso, o pago anual, unha empresa no rexistro mercantil, é evidente que estamos ante un hospital privado pagado con fondos públicos e ademais consecuencia de todo isto é a mala calidade asistencial e unha incidencia directa é o copago diario que sofren os usuarios en modo de aparcadoiro, isto o gardaron ata o último momento e evidentemente cando críamos velo absolutamente todo, cando a nosa capacidade de sorpresa non tiña ningún límite ou que tocáramos teito, por dicilo dalgunha forma, nos atopamos coa ocorrencia de que se lles ocorre gastar á Consellería de Sanidade 600.000 euros, 100 millóns de pesetas que ás veces a xente o entende mellor para poñer 10 carteis en hospitais de Galicia dicindo que son hospitais públicos, a verdade que cando recibimos a noticia non dábamos crédito porque de que deses 10 hospitais 9 son públicos sabeo todo o mundo e non fai falla que llo lembren e o outro é privado, que por moito que nos digan e que poñan carteis sabemos o que isto significa, isto é unha inmoralidade, gastar estes cartos, é unha inmoralidade insultar aos vigueses desta forma porque ademais o único obxectivo que ten esta campaña ven dirixido a Vigo, ven dirixido a facer crer que o que é privado é público e se colleu de escusa a outros 9 hospitais para querer colocar ese cartel no de Vigo.

Mire, isto é campaña electoral, nin máis nin menos, o que foron incapaces de demostrarlle aos vigueses/as de que este hospital era público o queiran facer vostedes vía cartel. Polo tanto, nós aquí traemos o de sempre a mellora da

calidade asistencial porque está moi ben apoiar aos que comparecen neste Pleno pero á hora e o dixo o meu compañeiro o Sr. Rodríguez Escudero, da calidade asistencial hai que predicar co exemplo e facelo ben no que é a xestión. E que pasa? Que as viguesas/es cada día soportan o pago do aparcadoiro e non imos a cesar de pedilo neste Pleno, lembro que pedimos a gratuidade do aparcadoiro en tres maneiras xa que nos negou a Xunta de Galicia, aprobamos aquí que o aparcadoiro deste hospital de 2.000 e pico de prazas, fose gratuíto, un aparcadoiro que pagamos absolutamente todo, primeiro intento, segundo intento, que a Xunta de Galicia constrúise nas parcelas que ten que non utiliza e que non utilizará, que constrúise un aparcadoiro que sexa gratuíto e terceiro intento, e volta de torca, como non se cedeu a ningún dos dous anteriores, pedimos que se cedan esas parcelas ao Concello de Vigo para que o Concello de Vigo si que as faga gratuítas, estes tres intentos ata agora foron negados pola Xunta de Galicia, e cal é a realidade? Que o vigués/a que se acercan a este hospital o único sitio onde poden aparcar digna e gratuitamente é aquel aparcadoiro que construíu o Concello de Vigo. Polo tanto, o que pedimos é que se deixen de carteis, que retiren ese contrato de inmediato e que destinen eses cartos a construír un aparcadoiro gratuíto para todos.

SR. PÉREZ CORREA: Se entendemos ben esta moción, esta moción do que se trata é que unha administración deixe de empregar recursos públicos que saen dos impostos dos vigueses/as, en utilizar plataformas mediáticas ou soportes físicos para intentar que non dean unha visión sesgada da realidade, que non se collan 600.000 euros e se poñan unha carteleira que que quere dar a visión que lle interesa á Xunta de Galicia sobre unha xestión, iso é práctica habitual diaria e creo que durante as horas deste Pleno que está pasando, que practica o goberno do Sr. Abel Caballero con respecto aos medios de comunicación con miles de euros semanais que saen de maneira encuberta a través das axencias de publicidade ou directamente a medios de comunicación para dar a visión que a vostedes lle interesa vender da cidade, e aí participan as concesionarias e aí participan as axencias de publicidade e vostedes poñen carteis coa diferenza, que o cartel que puxeron en Matamá posiblemente nunca saibamos o prezo porque vai escamoteado nunha desas facturas que vai directamente a través dunha axencia

de publicidade e non falamos de 600.000 euros, falamos de máis de 5 millóns de euros nesta lexislatura en contratos menores, contratos de patrocinio e en vender un modelo de cidade que vostedes fan tamén comprando vontades mediáticas ou estou falando dunha cousa que pasa en Saturno? Ou non se compran vontades mediáticas a través de recursos inxentes que se facturan, seguramente nas horas que esteamos aquí facturas a axencias de publicidade ou a medios as que queiramos, unha delas xustificadas que son a publicidade institucional e outra é vender un modelo de cidade que moitas veces non existe pero que a golpe de talonario se consegue construír mediaticamente a ademais economicamente nalgúns casos pois permiten a medios de comunicación sobrevivir e non extinguirse e iso, aplíquense o conto porque claro que o Partido Popular ten que escamotear o desastre do Álvaro Cunqueiro poñendo un gran cartel luminoso que poña hospital público, claro que o ten que facer, porque ten serias dúbidas de si a súa xestión con respecto á titularidade do hospital non está sendo contestada tamén electoralmente, e así que o vai facer, pero isto é unha practica habitual, cando hai un problema, cando se pon en cuestión a Aqualia pois Aqualia saca unha campaña orquestrada tamén para vender que a agua é H₂O, cousa que sabemos incluso os que somos de letras, e veña e veña nos medios e páxinas enteiras a cor, e senón vai directamente ao Concello de Vigo son as concesionarias as que pagan páxinas enteiras e se non é a Deputación de Pontevedra que estivo durante semanas pagando páxinas enteiras nos medios de comunicación orquestrados por vostedes, e que vostedes moralmente non poden falar desta práctica e que non poden falar, isto non pasou nunca na historia da democracia desta cidade que se compraran as vontades comunicativas a golpe de talonario desa maneira tan inxente, claro que é unha práctica habitual do Partido Popular, era unha práctica habitual da Deputación de Pontevedra pero unha práctica herdada por vostedes que non hai ningún problema, que hai que facer unha campaña mediática porque interesa, temos catro ou cinco axencias de publicidade polo medio e así a factura non é directamente entre o Concello de Vigo e o medio de comunicación, iso hai que denunciálo e hai que fiscalizalo e hai que poñer enriba da mesa os miles e miles de euros que o Partido Popular e o Partido Socialista empregan en comprar comunicativamente e ocultar tamén, este grupo municipal a penas tivo tres ou catro fotos nun medio de comunicación, en varios medios de comunicación

durante toda unha lexislatura, iso é unha indecencia moral, que 16.000 vigueses non teñan expresión política nos medios de comunicación porque vostedes tiran de teléfono e din que non teñen que sacarse determinadas informacións da Marea de Vigo, iso é unha indecencia e polo tanto, moralmente vou apoiar esta moción pero espero que cando nós traíamos a Pleno unha moción fiscalizando ese tipo de prácticas, vostedes tamén estean de acordo en que ten que acabarse porque a nós nos da igual, porque nós non imos a xogar a ese baile porque nós non viñemos aquí a dicir vostedes poñen 1 millón, nós poñemos 2 millóns, nós non xogamos a iso pero non teñan a cara de protestar por uns carteis que é unha práctica habitual do seu goberno sobre todo na última lexislatura, incluso creo con prácticas que dignifican ben pouco o traballo dos xornalistas e que espero que nalgún momento haxa unha rebelión dos xornalistas contra ese tipo de prácticas.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: O primeiro, Sr. Font, explicarlle que estes rótulos que se van colocar non son uns rótulos, é unha mellora da sinalítica de tódolos hospitais públicos de Galicia para mellorar a accesibilidade ao sistema, a localización e a visibilidade dos hospitais públicos e fomentar o aforro enerxético ese é o fundamento desa medida.

Fala na súa moción de insulto, insulto quizais sexa queimar unha imaxe do hospital en praza pública ou insulto quizais sexa queimar en praza pública unha imaxe do Presidente da Xunta de Galicia, por certo o máis votado en Vigo e inmoral, fala vostede de inmoralidade, inmoralidade quizais sexa mentir sistematicamente sobre o hospital, lémbrolle na súa particular "día da marmota" con todo isto, que dixo que o hospital non ía ter laboratorio, que se ía cobrar pola auga, que ían cobrar por durmir no hospital, entre outras moitas cousas e o peor é que se ía morrer xente porque o hospital non tiña laboratorio, pois iso si que é inmoral e ao mellor inmoral é gastarse 1 millón de euros en luces de quita e pon cada ano, gastáronse case vostedes case o dobre en adornos que na sinalización permanente de 10 hospitais públicos sendo toda a súa achega á sanidade viguesa a explanada da que falamos chea de fochancas, que é o que lle molesta tanto Sr. Font? Co que lle gustan a vostedes as luces que o rótulo se coloque ou que se diga a verdade? Que o hospital Álvaro Cunqueiro é un hospital público e iso sábeno os pacientes que diariamente fan uso dunha atención pública, gratuíta e de calidade,

sábeno os profesionais do SERGAS que traballamos alí, traballamos nun hospital público de calidade e gratuito para os nosos usuarios e dino os xuíces, ratificando que é un hospital público e evitando que vostedes lle cobren o IBI a un hospital público, é que ademais dino hasta vostedes mesmos, tamén son pacientes e usuarios do hospital, levan ás súas familias, o Alcalde saíu na prensa dicindo que levara a súa muller ao hospital. Eu creo que esta mala calidade asistencial dubido que fora así como vostedes di e dubido moito que lle pasara unha factura e se a teñen por favor nola mostran despois de ser atendido, así que por favor, Sr. Font, deixe de insultar e deixe de dar leccións de moralidade que desas ningunha.

Todos lembramos que vostede di que os vigueses necesitan ou deixan de necesitar, mire, o que necesitan os vigueses que xa gozan dun hospital público de calidade vólvollo a contar, é que mellore vostede os accesos por exemplo ao hospital Meixoeiro, que mellore as frecuencias das liñas de transporte municipal ao hospital, por certo a máis cara de Galicia, falan vostede de copago e que hai dese copago que din vostedes, vostedes o prezo do Vitrasa lles importa ben pouco e tamén as melloras ao acceso que lle pedimos ao hospital na rúa Clara Campoamor, diso non sabemos nada e a mellora do transporte metropolitano do que vostedes se negan, se vostedes queren facer o aparcadoiro nós xa lles ofrecemos que a gratuidade tamén dos aparcadoiros que están ao carón dos centros de saúde, lémbrolle que o prezo do aparcadoiro do Álvaro Cunqueiro é a metade que a de calquera dos aparcadoiros de Vigo, así que deixe de facer demagogia Sr. Font, e electoralismo e goce vostede tamén dunha sanidade pública gratuíta e de calidade.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Pérez Correa, acaba de mentir neste Pleno en relación co tema dos contratos de axencia de comunicación, o soporte é absolutamente municipal e é un contrato que está no portal de transparencia por importe de 400 euros, pero mire, dixo cousas moi graves, porque cando fala de maneira encuberta e cando fala de comprar vontades mediáticas é unha acusación moi grave que ademais pola súa forma de actuar en política estou seguro que si puidera demostralo saíría correndo aos xulgados, polo tanto, creo que esta non é a forma idónea. Mire, nos sentimos moralmente autorizados para dicir isto porque todo o que se difunde en relación coas obras que fai este goberno con que simplemente

as conte o Alcalde non necesitamos máis publicidade, polo tanto, a diferenza é moi considerable entre cando se fai xestión porque este hospital xa foi publicitado pola Xunta de Galicia en medios de comunicación e ninguén dixo nada. Pero o que é absolutamente inmoral e indecente é gastar 600.000 euros en dicir que aquilo é un hospital e poñerlle público cando é absolutamente mentira. Porque mire, Sr. Piñeiro, fálame de que estes carteis son para a accesibilidade, pero de verdade, vostede está de broma de que isto tamén é para o aforro enerxético, dime, pero se a este cartel o único que lle teñen que facer si é por accesibilidade e facerlle esta pequena corrección que eu lles propoño, poñer hospital privado e como se trata de que vexamos o que nos imos atopar poñer “págase aparcadoiro”.

Mire Sr. Piñeiro, falando de calidade asistencial, nós non dixemos que se ía morrer a xente por falla de laboratorio, dixérono os profesionais que compareceron aquí, polo tanto, aquí non se trata de prezo de aparcadoiro si ou de prezo de aparcadoiro non, aquí se trata que o único aparcadoiro gratuíto que hai alí é o do Concello, que vostedes se negan por carta vez a que haxa aparcadoiro gratuíto e a pregunta mire, isto é un despropósito de tal calibre de que a Xunta de Galicia ten 10 consellerías, vanlle a colocar aos 1.200 colexios de Galicia o cartel de colexio público? Van a gastar millóns e millóns para que os alumnos cando cheguen vexan que hai un colexio? Mire, é un absoluto despropósito, isto é campaña electoral para querer convencernos do que é absolutamente mentira e aquel que trata de acercarse a este hospital, o único aparcadoiro gratuíto que ten, o único é o que fixo o Concello.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do

grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.03.2019 (Rex. Nº 1998/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(44).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ENCOMENDAR A XESTIÓN DO RÍO LAGARES AO GOBERNO MUNICIPAL DE VIGO, COA FINALIZADE DE VIXIAR, CONTROLAR, MANTER E LIMPAR O CAUCE DO RÍO, EVITANDO RISCOS DE INUNDACIÓN. REXISTRO PLENO 1999/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2019, número 1999/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O río Lagares é un dos principais espazos naturais da cidade de Vigo e unha oportunidade para impulsar a mobilidade sostible, o ocio e servir de espazo de unión e integración de distintos entornos naturais da cidade.

Nos seus 16 kilómetros de percorrido permite conectar diferentes parroquias da cidade, dado que transcorre íntegramente dentro do termo municipal de Vigo. O obxectivo do goberno municipal é facer transitible todo o percorrido do río e poñer en valor os elementos patrimoniais e naturais que se atopan na súa contorna.

Pero mais aló do imprescindible papel do río como espazo público para o ocio, o deporte, a saúde ou a mobilidade dos cidadáns, resulta imprescindible vixiar,

controlar, manter e conservar limpo o cauce do río para evitar posibles inundacións, contaminación, ocupación ou degradación do mesmo.

As competencias hidrolóxicas e a xestión hidráulica corresponde a Xunta de Galicia. Dende o Concello de Vigo reiteradamente se insta a Xunta de Galicia a adopción de medidas para evitar problemas na contorna do río, especialmente para evitar os riscos de inundación derivados do ocupación do cauce e a acumulación de vexetación. Peticións municipais que a Xunta de Galicia leva anos sen atender.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a encomendar a xestión do río Lagares ao Goberno Municipal de Vigo coa finalidade de vixiar, controlar, manter e limpar o cauce do río, evitando os previsibles riscos de inundación, e de converter o Lagares nun espazo para os cidadáns.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Esta moción ten o obxectivo fundamental de que o río Lagares pois deixe de ser nalgún do seu trazado un lugar eu diría secuestrado para os cidadáns de Vigo e que podamos poñelo para o goce de todos e dende logo tamén para que todos, non só podamos pasear ao seu carón, gozar aos seu carón, ter actividades de ocio e de saúde ao carón do río Lagares senón tamén para que vixiemos, conservemos e mantemos o noso río, un dos nosos tesouros naturais que corresponde ao patrimonio natural da nosa cidade e onde hai tramos aínda a día de hoxe onde a accesibilidade é claramente difícil por ese mesmo motivo cada vez que o Concello de Vigo precisa facer calquera cousa a carón do río Lagares, xa non só é unha obra de infraestrutura como o mantemento dunha ponte, dun viaduto sobre o mesmo, ou do propio colector, etc. senón tamén cortar unha árbore que caeu no río e que está dificultando o canle do río ten que pedir unha autorización a Augas de Galicia porque Augas de Galicia que ten encomendada a vixilancia, control e xestión tamén do río Lagares, en todos aqueles tramos que non son urbanos que é máis do 50% do río Lagares pois non atende esa función, unha función que claramente a propia Lei de augas e o propio Plan hidrolóxico nacional prevé que pode ser conveniada entre as administracións

xeral ou autonómica, neste caso autonómica pola conca hidrográfica que lle corresponde e o Concello de Vigo é acordar a execución de obras etc. Neste caso o Concello de Vigo sabendo que a Xunta de Galicia non vai investir un só euro no mantemento, conservación ou accesibilidade do río Lagares xa renuncia ao mesmo, non lle estamos a pedir ningún euro, o que lle imos a pedir é que ao longo dos 17 quilómetros que transcorren polo Concello de Vigo porque é o único río de Galicia que transcorre integramente por un concello, pois que nos permita non ter que solicitar un permiso cada vez que temos que facer a corta dunha árbore, e lle poño un exemplo, no tramo que temos, que neste momento o Concello de Vigo está a facer o seu proxecto para facer unha senda e polo tanto darlle accesibilidade entre a rúa Manuel Álvarez e a Avenida de Madrid, temos tramos do río onde para poder facer ese proxecto tivemos que facer talas de árbores e de maleza, en particular ao redor da rúa Severino Covas, onde hai por certo patrimonio non só natural senón patrimonio etnográfico e patrimonio industrial de Vigo porque hai unha canalización de auga fermosa para todos aqueles que non a coñezan, probablemente unha das caídas de auga natural do río máis fermosas que temos a carón do río Lagares que a día de hoxe está secuestrada para os cidadáns de Vigo, hai ademais unha toma de auga para unha central eléctrica antiga, das primeiras que se fixeron na nosa cidade e polo tanto, para a posta en valor de todas esas cuestións pois precisamos a xestión dado que Augas de Galicia non está a facer nada, eu poría como exemplo que dende a transferencia das competencias á comunidade autónoma aínda a día de hoxe o río Lagares non está deslindado, a maior competencia que ten que facer Augas de Galicia que é o deslinde do río para saber ata onde chega os 5 metros da zona de servidume a ata onde chega a zona de policía do río, pois a día de hoxe aínda non existe e para iso non vale dicir que existe unha instrución que nos tramos urbanos son os concellos os que se encargan da xestión dos ríos, non, é que o río Lagares ten máis do 50% do seu trazado en zonas que non son urbanas, polo tanto, para esas zonas precisamos poder actuar de xeito áxil cada vez que exista un problema para poder conservalo e mantelo e condicións axeitadas, polo tanto, dado que o obxectivo creo que o podemos entender todos, non acabo de entender cal é a visión da Xunta de Galicia que mirei hoxe mesmo nos medios de comunicación porque onte era que non se podía transferir a competencia do río, encomendar a xestión do río

que obviamente está permitida, non se podía porque o río non estaba integramente en Vigo, agora resulta que o río din que xa está encomendado, non, non está encomendado, a única encomenda que temos os concellos é nos tramos estritamente urbanos para facer conservación e mantemento, o Concello de Vigo está facendo a vixilancia do río en todo o seu trazado por iniciativa propia, para controlar os vertidos dende hai moitos anos e por iso o río mellorou substancialmente pero queremos ademais que poidamos facer unha xestión integral do mesmo porque é un dos nosos patrimonios naturais máis fermosos e dende logo unha aposta segura para a accesibilidade e mobilidade sostible na cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Nós temos dúbidas, gustaríanos que nos clarexase a que ben esta moción, cal é obxectivo final desta moción, porque está pedindo unha serie de cuestións que o Concello de Vigo leva facendo durante moitos anos, incluso leva limpando, ano 2011 o Sr. Abel Caballero anuncia unha brigada permanente de tres operarios municipais para limpar o río, é habitual a limpeza do río e ademais é habitual a limpeza do río porque hai interpretacións, incluso sentencias que figuran na propia demarcación Galicia costa que di que nos tramos urbanos o que ten que ver coas cuestións que poden dirimir por exemplo da recollida de residuos, residuos que están na beira do ríos, as fai sen ningún problema o Concello de Vigo, é dicir, se a cuestión é competencias que xa o Concello de Vigo ten, outra cousa é que teña que notificar á confederación hidrográfica ou a Augas de Galicia que é o que di a Lei, que en todo caso di que a Confederación só autoriza e controla pero son as administración con competencias en ordenación do territorio en urbanismo e residuos as que obviamente teñen que poñerse de acordo, é certo que aí a lei deixa un burato, é o que di a Lei, estamos a falar dos tramos urbanos pero o que vostede ten como teño eu é a aplicación que a Xunta de Galicia puxo a disposición dos concellos que delimita dándolle a un botón cales son os tramos urbanos e cales non son os tramos urbanos. Si o que vostedes queren é competencia en materias de canles eu xa teño bastante reticencia a esas cuestións porque as experiencias do Concello de Vigo xestionando ou actuando sobre o río, son perigosas e estou a falar de que unha comunidade de montes sen ningún tipo de problema se lle deixou meter maquinaria no canle para facer o primeiro tramo e

afortunadamente con intervención do SEPRONA, temos as fotos, con maquinaria no leito do río e con modificacións do río, se vostedes teñen en idea algunha modificación do canle do río, que o digan, se ten que ver coas obras de Balaídos que digan porque realmente me parece curioso que agora reclamen, é certo, que cun formato que se pode facer, o formato que piden é posible, o fixeron moitos concellos que lle pasan por así dicilo unha xestión de determinadas cuestións aos concellos, a min realmente creo que é unha competencia que é perfectamente fai o Concello de Vigo que leva facendo un motón de tempo, que é habitual os anuncios de limpeza do río Lagares feito polo Concello, polo tanto, a nosa dúbida e é unha dúbida ademais que se resolvera é por que se quere a competencia do leito e para que se quere a competencia do leito porque entón estamos a falar de cuestións que cos precedentes do Concello de Vigo en materia de xestión do río Lagares, en materia de xestión urbanística, ademais co deixar facer con determinadas actuacións, e o incumprimento grave do Plan Especial que vostedes teñen vixente porque é o Plan do 93, que delimita perfectamente que pode haber na contorna dos ríos, hai de todo na contorna do Lagares e aquí nunca se meteu man e o Plan Especial incluso delimita cales son aquelas actividades que se poden dar no leito. Polo tanto, é unha cuestión, obviamente e volvemos a unha cuestión que resolve as administracións autonómicas, as administracións locais con normalidade en todo o estado español salvo ese xen que temos os vigueses de non poder poñernos de acordo nin nas cuestións que teñen que ver cun río, si fora un río de fronteira entre países que houbo guerras podería entendelo, pero que a Xunta de Galicia, Confederación Hidrográfica e o Concello de Vigo non se poñan de acordo ou fagan esas misivas que estamos vendo na prensa, algunhas delas bastante curiosas nos últimos meses a nós nos vale ese contrato, pero que a canle por favor non estea en mans dos concellos, como a posibilidade de ter competencias en materia hídrica neste país fora dos concellos que tería pasado durante o boom inmobiliario, que tería pasado con esa manía histórica de meter os leitos dos ríos en tubería e que non haxa leito aflorando e polo tanto, a riqueza e a fauna e o que significa ter un río en tramo urbano, exemplo de Madrid, calquera persoa que vexa hoxe en día o Manzanares con recuperación de fauna e con recuperación medio ambiental, iso sería impensable si o Concello de Madrid gobernado polo Partido Popular tivera competencias en materia hídrica e polo

tanto sexa cuestión do leito e sexa cuestión do recurso hídrico, estamos rotundamente en contra de que o Concello de Vigo asuma esas competencias e ademais dicímolos polo trato que se lle deu ao río Lagares nas lexislaturas recentes gobernadas polo Sr. Abel Caballero, non estamos a falar das históricas que sabemos como era o río fai moitos anos que era infinitamente peor do que temos hoxe en día, se a cuestión é que queren limpar e que queren facer unha política de xestión dos residuos que circundan o río, xa teñen competencias para facelo, non necesitan nin mover un papel e de feito vostedes o levan facendo moitos anos, con brigadas municipais anunciadas, está nas hemerotecas non é unha invención deste grupo municipal.

SR. GAGO BUGARÍN: Nós concordamos exactamente co que se está a dicir agora na última intervención cunha diferenza e que nós sabemos pola xurisprudencia, pola instrución, polo Plan Hidrolóxico Nacional que quen ten as competencias de mantemento e de conservación dos ríos de tramo urbano son os Concellos, agora ben nós estamos de acordo que o Sr. Pérez Correa en que ten que haber unha instancia superior que controle esas actuacións que se van facer por parte dos concellos e que nós entendemos que a preservación do medio ambiente é algo moito máis importante é necesario que só podan traballar ou actuar os concellos, cremos na asistencia dunha institución superior que controle o que os concellos pretendan facer, polo tanto, nese sentido estamos de acordo pero o primeiro que temos que ter claro é quen ten a titularidade do leito, quen ten as competencias e sobre que e para que, e terceiro lugar, cal é a lexislación, as leis e as instrucións que inflúen no que agora estamos a debater por iso Sra. Caride, eu o que me din conta é que vostede presenta conscientemente esta moción porque vostede pretende facer o que lle da absolutamente a gaña co leito do río do Lagares sen que haxa ningunha institución superior que o controle e nós non lle imos aceptar e non lle imos apoiar pero non só porque non queiramos como postura do partido político e vexo que outro partido político con presenza nesta cámara municipal tampouco está de acordo, senón porque as leis e a xurisprudencia non lle da razón e polo tanto, se o que queremos é falar sobre as competencias para manter correctamente o leito do río e polo tanto, o que vostede pide de dragar correctamente o río para que o transcurso sexa coherente e correcto nós aí si

estamos de acordo e si lle presentamos unha emenda de substitución para solicitarlle a Augas de Galicia que presente o informe serio dunha vez que está facendo en materia de zonas inundables no río Lagares.

Agora ben, se vostede pretende que lle demos ou que lle dean unha encomenda de xestión para facer algo que vostede xa teñen competencia e que vostede sabe porque o ten, a xurisprudencia o ten, a sentenza do Tribunal Supremo o ten, o que di o Plan Hidrolóxico Nacional, non lle imos a dar porque vostede xa o ten que facer, e que levan 11 anos no goberno pero é que vostede estivo 4 anos na Xunta de Galicia e non fixo o que agora nos di que ten que facer a Xunta de Galicia do Partido Popular, esa é a auténtica realidade.

Polo tanto, Sra. Caride, se vostede intenta aquí xustificar porque teñen medo ás eleccións municipais de maio e pensan que abril augas mil, e polo tanto, ao mellor cando se xuntan catro gotas se inunda parte da cidade e ao mellor pensan que os vigueses van a comprarlle a teoría de que os géiser que saen das distintas rúas do centro e pola inundación ou polo mal dragado do Lagares xa lle digo eu que non o vai a conseguir, polo tanto, un pouco menos de demagogia e un pouco máis de actuacións porque vostede ten que saber que o Partido Popular cumpriu, fixo unha macro depuradora que custou ás arcas públicas 100 millóns de euros. Pero vostedes non fixeron o que tiñan que facer e nin sequera era con cargo ás arcas municipais, era esixirlle a Aqualia que renovase as redes de abastecemento para evitar precisamente o que está pasando en moitos puntos da cidade, levan 11 anos no goberno, renovando ás grandes concesionarias millonarias, contratos e resulta que logo non lle esixen as actuacións necesarias, agora ben, para poñer un dinoseto entón aí se que está o Alcalde de Vigo facendo a gracia, pero para renovar as redes e as tubaxes internas da cidade, para evitar que haxa inundacións en Vigo aí non está o Alcalde socialista o Sr. Abel Caballero, e por iso a xente de Vigo estase a dar conta Sr. Caride, e por iso a xente de Vigo e os vigueses saben perfectamente que vostede trae aquí unha moción electoralista, con medo de que pouco antes das eleccións municipais, cando os vigueses teñan que ir a votar teña o recordo de que vostedes non actúan en consecuencia e polo tanto cando choveu de forma abundante se inundaron moitas partes da cidade, exactamente igual que vostedes teñen a culpa consciente de adicar tódalas obras e tódalas reformas de actuacións nas rúas da cidade seis meses antes das

eleccións e agora temos facer xincanas polo centro de Vigo para poder chegar ao noso punto de orixe ou de destino e tardar o triplo do que tardamos durante tres anos e medio cando non fixeron nin unha soa obra, esa é a realidade da forma en que vostedes traballan.

Polo tanto, ten unha emenda de substitución enriba da mesa para esixirlle a Augas de Galicia que faga público o estudo sobre as zonas inundables do leito do río Lagares e por outra banda ten a instancia do Partido Popular para que vostedes acometan, resolvan e fagan as actuacións pertinentes para que os vigueses/as nos poidamos sentir orgullosos dun patrimonio como ben vostede dixo hidrolóxico moi importante que é o río Lagares.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Case remataría dicindo que tanto para Marea como para o Partido Popular o río Lagares está ben como está, para nós é dende logo unha sorpresa e nos gustaría que non estivera como está e que dende logo que cada vez que hai que cortar unha árbore, sacar un obxecto que caeu na auga, que ve un inspector de Medio Ambiente non teñamos que pedir un permiso a Augas de Galicia pero é máis para que a propia Augas de Galicia fixera o seu traballo que non fai, a min a verdade é que me sorprende non? Porque vostedes confían máis nesa institución que din que é a Xunta de Galicia que no Concello de Vigo, eu se a verdade o exemplo da Xunta de Galicia é a mina de Touro, o exemplo da Xunta de Galicia é descualificar monte do Concello de Mos para facer un centro comercial, a verdade non me parece que sexa algo que garante os dereitos de ninguén, mire, vostede falaba de cando eu estiven na Xunta de Galicia, certamente unha época da miña vida do que estou moi orgullosa e lle lembro a vostede que xa que se citaba esa depuradora, a depuradora existe gracias a que había un goberno da Xunta de Galicia do Partido Socialista e a que había unha ministra no goberno de España tamén do Partido Socialista, o Sra. Elena Espinosa, é que esa depuradora se financia con fondos europeos e cos cartos que pagamos tódolos vigueses/as e que puxemos os cartos para as expropiacións ós vigueses/as, polo tanto, nese caso vostede non ten moito do que presumir. En calquera caso a cuestión é que para evitar os riscos hai que actuar con axilidade máis alá de que, como dicía de que ademais hai que achegar e poñer en valor o río para que o poidamos gozar todos, para conseguir iso é legalmente posible, claro que si, é unha decisión que

non está tomada, non lle pedimos un euro á Xunta de Galicia porque sabemos que non o vai a dar, por certo a confederación hidrográfica Miño-Sil si que o dá para executar, pregúntelle á Alcaldesa de Mos, incluso para executar sendas nos ríos ou a outros concellos pero a Xunta de Galicia e Augas de Galicia para poñer en valor o noso patrimonio natural cero euros, pero non só é que incluso coas obras de emerxencia para abastecer de agua aos cidadáns de Vigo o que fai son dificultades, cando Vigo estaba disposto a pagalo todo. Polo tanto, deixémonos de parvadas, ninguén está a falar de cambiar o curso do río por suposto que non, estamos a falar de defender o río, de cubrir os riscos de sufrir unha inundación e ademais de poñer en valor ao río e para iso quen o fai mellor, aquel que está ao seu carón sempre, aquel que entende que iso é un elemento patrimonial natural prioritario para Vigo, o Concello de Vigo, asinen con vostedes esa encomenda de xestión.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda de substitución, entendo que non se acepta, pasamos á votación.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.03.2019 (Rex. Nº 1999/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(45).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA A EMITIR, NO PRAZO MÁXIMO DE 15 DÍAS, INFORME DE AFECTACIÓN AO PATRIMONIO DO PROXECTO DE REESTRUTURACIÓN DE MURO NA BAIXADA Á IGREXA DE TEIS. REXISTRO PLENO 2000/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2019, número 2000/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Os veciños e veciñas de Baixada a Igrexa de Teis levan tempo intentando resolver os problemas de estabilidade e caída de rochas do muro perimetral dunha parcela a rúa. Tamén solicitan ao goberno local a ampliación dun tramo da Baixada a Igrexa para permitir o paso dun vehículo de emerxencias ou dos vehículos privados.

O goberno local ven de redactar un proxecto para a reestruturación do muro que permitirá solventar os problemas dos veciños. Dado que esta actuación atópase dentro dun ámbito con protección patrimonial, solicitouse a correspondente autorización a Patrimonio da Xunta de Galicia. Transcorrido o prazo de emisión de informe e sen resposta por parte da Xunta, o goberno local reiterou a solicitude de informe para poder iniciar a execución de dita actuación.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia a emitir, no prazo máximo de 15 días, informe de afectación ao patrimonio do proxecto de reestruturación de muro na Baixada a Igrexa de Teis.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: A verdade que xa me custa presentar esta moción que traemos aquí porque si as obras do barrio de Navia eran consideradas polo Partido Popular como unha “obriña”, pois claro esta si que é unha “obriña”, é unha “obriña” pequena tanto en metros como en contía económica pero é unha “obriña” importante para os veciños/as de Teis, hai algúns meses, máis dun ano, os veciños/as de Teis incluso reclamaron ante os medios de comunicación, fixeron unha manifestación porque nunha zona á Baixada á Igrexa caeran as pezas dun muro, un muro que obviamente pois o propietario do mesmo tiña que encargarse de conservalo e mantelo, pero os cidadáns de Teis entendían que xa dado que o muro xa caía, pois era unha boa oportunidade para intentar mellorar o trazado do camiño que a día de hoxe se pode percorrer cun vehículo, incluso cun vehículo de emerxencia ou cunha ambulancia pero que sen embargo, precisamente nese treito de aproximadamente de 25 metros, pois non é posible que ese vehículo pase, en primeiro lugar pois como existía unha limitación para poder executar por parte do propietario o muro retranqueado que era o que os veciños desexaban, o Concello tomou a decisión de impulsar ese proxecto, é unha reclamación que os veciños/a de Teis fan dende hai moito tempo porque melloraría substancialmente a súa mobilidade e entendemos que dende un proxecto municipal poderíamos executar esa obra sen grandes problemas, de tal xeito ademais que incluso os propietarios dos terreos afectados están dispostos a cedernos os terreos para poder facela, pero nos atopamos cunha dificultade, a dificultade é que esta obra na parroquia de Teis está afectada pola área de respecto do xacemento arqueolóxico denominado Castro do Sino, isto fai que obviamente para defender a legalidade e respectar a legalidade pois teñamos que pedir un informe a Patrimonio da Xunta de Galicia para que nos autorice á execución desa obra, digo que é unha obra importante porque o muro a día de hoxe non está ben, é un muro que ten claramente inestabilidade porque tampouco queremos obrigar, digamos máis alá das accións que eviten a caída das pedras, a recolocación dun muro que queremos retirar para poder ampliar ese vial e que por outra banda estamos só á espera do informe de Patrimonio, un informe como digo que só é para poder autorizarnos está na zona

de influencia dun xacemento pero nin está preto, o camiño xa existe un dos lados do camiño non se toca o outro vaise a tocar cunha intervención menor para poder ampliálo e colocalo de tal xeito que os vehículos de emerxencias fundamentalmente, e os vehículos particulares tamén podan discorrer por el e os veciños/as camiñen con seguridade, por ese mesmo motivo entendemos que 5 meses de espera por un informe de Patrimonio para a autorización da construción un pouco máis retirada dun muro, pois é un tempo excesivo, ese tempo excesivo fainos traer a este Pleno municipal pois unha opción que nos pida, nos solicite formalmente á Dirección Xeral de Patrimonio, a Delegación da Xunta de Galicia en Pontevedra que nos emita un informe favorable para poder facer esta intervención, xa non dicimos favorable, entendemos que vai a ser así pero si un informe para que podamos acometer unha obra que ten un orzamento pequeno pero vai a prestar un gran servizo aos veciños/as de Teis e que o podemos facer de forma inmediata. Non estamos a falar doutros informes de Patrimonio polo que levamos esperando anos, eses outros informes pois obviamente están aí durmindo os sonos e non sabemos cando se van presentar pero neste caso concreto cremos que é imperativo que poidamos resolver un problema para os veciños, que por certo entendo que tódalas forzas políticas deste Pleno, no seu momento, cando saíu esta noticia, xa se pronunciaron dicindo que estaban de acordo en que solventáramos este problema. Polo tanto, esta é a oportunidade para poder facelo.

SR. PÉREZ CORREA: Sinceramente nós pensábamos que o informe de Patrimonio estaba solventado, entre outras cousas porque non hai afectación, hai afectación dentro da área de reserva pero que é evidente que no momento en que se faga esa obra salvo o milagre de que haxa un resto arqueolóxico nun muro, pois é evidente que simplemente é un dos informes sinxelos que non teñen ningún tipo de problema en emitir, cal é o problema? Que a Xunta de Galicia ten que admitir que ten un problema serio na Delegación Provincial da Secretaria Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e ten un problema serio derivado, entre outras cousas, de que os mesmos traballadores recoñecen o recortes de efectivos para levar adiante tódolos informes de carácter patrimonial que hai que facer na maior parte das obras e ademais a absoluta arbitrariedade á hora de emitir informes, porque hai informes moito máis complexos que de carácter arroxadizo,

dentro da política actual, se emiten rapidamente, cando interesa emitir un informe de patrimonio para parar algunha actuación dalgún concello que non é da cor política, corre moi rápido a Dirección Xeral, cando é unha cuestión como esta que debería correr moi rápido precisamente porque é unha cousa moi sinxela, non entendemos que estiveron aquí os veciños, recolleron máis de 600 sinaturas e entendemos que había consenso político e que non sexa a Dirección Xeral e a súa delegación aquí capaz de emitir un informe que dende o punto de vista patrimonial, arqueolóxico é absolutamente, pois non vou dicir ridículo porque tódolos informes de carácter patrimonial teñen certa rigorosidade pero que estamos a falar dunha cuestión menor e polo tanto, cando menos que este concello, nos estamos de acordo que se lle pida celeridade e ademais non preparamos a emenda pero que deberíamos ir pedindo recursos porque ven un Plan Xeral aquí enriba, ven un Plan Xeral que vai requirir moitos informes sectoriais e non podemos ter á Dirección Xeral e a súa delegación postergando informes que son absolutamente centrais e nós algunhas reservas temos do que vai a pasar porque cremos que haberá informes que van a estar moito tempo durmindo nos caixóns da Xunta de Galicia e van incluso posiblemente a imposibilitar cumprir os prazos dentro diso que se marca no novo Plan Xeral unha vez que aprobamos a ordenación provisional, que non teñamos que modificar a lei para aprobar o Plan Xeral de Vigo dentro de máis anos porque a Dirección Xeral de Patrimonio tarda x anos en respondernos, e polo tanto, esa cuestión que é menor, home, debería resolverse rápido e ademais porque hai un problema de mobilidade expresado por 600 sinaturas recollidas por veciñas/os e home, se lle queremos buscar a isto unha cuestión política pois ao mellor temos que comezar a velo nun médico.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade que Sra. Caride non me estraña que lle custe a vostede defender esta moción, primeiro porque vostede fala de tempos aletargados, de exceso de tempos pero que a Xerencia que vostede dirixe aquí, a Xerencia de Urbanismo é a que ao vigueses/as se lle eternizan para que lles contesten, para resolucíons, é dicir, é a que o departamento que máis tarda en contestar e o que está absolutamente paralizado, o que non ten ningunha intención de axilizar e de acelerar o Plan Xeral, polo tanto, vostede fala de patrimonio, eu digo, imos apoiar esta moción, vostede pide 15 días, nunha semana

vai ter o informe enriba da mesa, pero mire sabe que pasa que cando chegan os informes de patrimonio non fan nada porque vostedes pediron por activa e por pasiva o informe de patrimonio para arranxar o palco da música de Bouzas e aínda está sen tocar e o informe de Patrimonio xa está favorable para que vostedes actúen. Polo tanto miren, saben o que pasa? Que vostedes estanse escudando permanentemente en tódolos erros que cometen na Xunta de Galicia, entón estamos acostumados toda a lexislatura pero cando chega o período electoral, pois esas peticións se intensifican, compromisos municipais, todos sen cumprir, tódolos que non estean cumpridos culpa da Xunta de Galicia, hai un ano que os veciños da Baixada viñeron aquí a este Pleno a manifestarse, aprobamos por unanimidade estar ao seu carón e apoiar todo o barrio de Teis non só esta obra da Baixada, tódolos compromisos están enriba da mesa e as mocións aprobadas sen cumprir, imos debater despois por urxencia unha moción que aprobamos hai un ano aquí e que aínda está sen cumprir nin ten visos de parecerse a unha realidade. E temos que estar así porque nós, insisto, dende o grupo municipal Popular non nos imos a calar, eu insisto en que vostede vai ter ese informe en catro ou cinco días enriba da mesa, non, hoxe non, Sra. Caride, nós non mentimos, vostedes botan por fora, para vostede todo é mañá, estou coa ministra, todo é mentira, todo é botar por fora, todo é estar por enriba de tódalas realidades e por enriba de toda xente e veciños/as de Vigo, é unha realidade, vai ter o informe, agora no momento que o teña enriba da mesa por favor actúen, porque iso é o que lle falla a vostedes un pouco de axilidade. Insisto despois en que con respecto ao Patrimonio, sempre falan aquí de Patrimonio da Xunta de Galicia a min gustaría saber que fai este goberno municipal con referencia ao patrimonio vigués, o patrimonio histórico, o cultural, industrial, artístico, marítimo e hidrolóxico, porque miren apunteino aquí hidrolóxico porque non o tiña, pero xa que falou vostede diso falo eu tamén, porque non lles importa absolutamente nada e que claro se vostedes a palabra patrimonio sóalles a esa cousa antiga que non vale para nada e non respectan así nos vai ir. Polo tanto, nós cremos que é importante ter tódolos informes en regra, que é importante que os vigueses/as saiban que cando hai resolver e hai que actuar o Partido Popular sempre está ao seu carón cando son as necesidades urxentes e vostedes o barrio de Teis é un dos barrios máis discriminados por este goberno, seguimos con Teis porque mire, o Sr. Sánchez

agora acaba de rexeitar a peaxe gratuíta a Redondela, o Sr. Sánchez acaba de dicir non ao tramo urbano de parte de Teis dende Torres de Padín, reivindicación desta cidade e sobre todos deses veciños que sofren absolutamente o tráfico e non son capaces de atopar unha solución, mire, propostas do Partido Popular, prazas de aparcadoiro tamén, un dos barrios afectados da proposta que fixo a Sra. Muñoz que é crear 4.000 prazas de aparcadoiro e 11 novos aparcadoiros, un deles sería en Teis, sería unha solución fantástica para ese barrio, vostedes non teñen criterio, non teñen compromiso, eu vou falar aquí da discriminación de Teis porque claro que pasa, cando vaian a facer alí a campaña electoral non teñen nada que dicir, un lavado de cara, non atenderon absolutamente, unha biblioteca, aínda Navia está esperando pola sala de lectura famosa, biblioteca e ludoteca, non sei con cantas veces a chamaron e por moito investimento que fagan en Navia non fixeron aínda esa biblioteca e que miren, viven de titulares, de fotografías pero nós queremos feitos e 11, 12 anos de discriminación absoluta ao barrio de Teis e agora veñen con esta moción para ampararse por si acaso como veñen as eleccións imos botarlle a culpa á Xunta de Galicia, miren, atendan ao que teñen que atender, non estean con soflamas e pallasadas que é o que fan habitualmente e baixen a rúa, e vaian á Baixada de Teis e fagan esa obra e cando teña o informe que vai que ter en tres días, actúen porque iso non lles vai custar tanto traballo, actúen Sra. Caride póñao na súa lista, na súa axenda na prioridade porque antes tiña o Plan Xeral pero nós cremos que agora xa isto é máis importante e ten moitas cousas ademais acumuladas na Xerencia de Urbanismo, fala doutras administracións que tardan moito pero eu creo que vostede debería de dar a súa tamén. Por certo, outro tema de Patrimonio, Serafín Avendaño, escudábanse tamén nos informes de Patrimonio o Palco de Bouzas, miren, non queremos excusas, queremos que actúen e queremos que traballen e non veñan aquí a vender o que non fixeron porque están esperando, levan un ano esperando dende unha decisión unánime deste Pleno a que vostedes actúen alí en Teis e non fixeron nada.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Imos a comezar ben, e polo tanto, agradecer que tódolos grupos se unan a esta petición, non. Faime un pouco de gracia que vostede diga que levan un ano esperando cando tardamos menos tempo en resolver a cuestión,

facer o proxecto, que Patrimonio en contestar un papel dándonos a autorización para facer a obra, que levamos máis de 5 meses esperando, agora alégrome que vostede nos diga que xa o imos recibir en tres días.

Respecto á defensa do Patrimonio cultural de Vigo, pois moitas actuacións, mire, onde o Partido Popular quería facer tres torres de 16 pisos, aí ao carón do Concello, na Panificadora, preservación dos edificios da Panificadora, por certo, votaron vostedes a favor, a restauración da finca Solita, da muralla de Vigo, do Castro, da villa romana de Toralla, onde vostedes querían facer, ademais incluso creo que familiarmente a vostede lle quedaba próxima, na Etea unha gran intervención, creo que na Etea querían tirar todo o que había para facer maravillosos chalets adosados que venderían a un xusto prezo logo de aquel pelotazo de comprarlle ao Ministerio de Defensa por 30 millóns de euros a parcela, pois, dende logo este goberno municipal o que fai é catalogar os edificios, facer que eses edificios teñan un respecto patrimonial, e polo tanto, claro que somos distintos, parece que se poñen nerviosos, en calquera caso, parecen que teñen unha dobre vara.

Eu só estaba poñendo exemplos, lamento se a alguén non lle parecen ben ou ben acaídos, en calquera caso se me permiten creo que vostedes teñen un problema de cronoloxía que eu non acabo de entender, a Sra. Muñoz afirmou antes aquí que lle parece que o Concello de Vigo tarda moito en estudar as 2.031 alegacións que se presentaron ao Plan Parcial de Navia porque non se presentaron unha nin dúas, presentáronse 2.031 alegacións, e o Concello de Vigo está avaliando esas alegación, iso lle parece dous meses moito tempo pero lle parece que é un tempo acaído tardar máis de 5 meses en resolver un informe para a caída dun muro e poder facer unha intervención que solvete un problema dos cidadáns de Teis, un problema de accesibilidade deses cidadáns. Polo tanto, agradecerlles o seu apoio.

VOTACIÓN: Queda aprobado por unanimidade.

PRESIDENCIA: Esta mañá presentouse no Rexistro unha moción do grupo Popular vía de urxencia, en relación a un tema, o acordando representantes dos traballadores a adecuación retributiva de Policías e Bombeiros. As normas deste Regulamento di no artigo 54 do Regulamento Orgánico do Pleno, segundo informe do secretario do Concello, “deben referirse a efectos relevantes que tiveron lugar

no período comprendido entre o día da convocatoria e o día seguinte". Nestas circunstancias, segundo informe do secretario non é un feito que tivo lugar entre a convocatoria do Pleno e o día seguinte, a adecuación retributiva ten a súa orixe hai tempo e estase a tramitar o expediente. Polo tanto, procede inadmitir a moción pola vía de urxencia, puideron presentar pola vía ordinaria, pero non o consideraron conveniente o grupo Popular facelo desa forma. Polo tanto, non procede o debate.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha cuestión de orde.

PRESIDENCIA: As cuestións de orde non interrompen ao Presidente, nunca. As cuestións de orde se propoñen cando paran as intervencións dos que teñen o dereito a intervir e neste caso é o Presidente, polo tanto, espere ao seu tempo e a súa quenda, como corresponde á democracia.

Consecuencia, poderían telo presentado como moción ordinaria e optaron por non facelo, ten coñecemento de toda esta tramitación e neste momento está a tramitarse o expediente e en consecuencia procedía ao súa proposta pola vía ordinaria. A cuestión de orde que propón sobre que tema é? Dígame ao artigo que se refire.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sobre a aplicación do Regulamento o mesmo artigo que se está a mencionar.

PRESIDENCIA: A que artigo se refire?

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Artigo 54.1.

PRESIDENCIA: E cal é a cuestión de orde?

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Do Regulamento do Pleno. Xustificamos a urxencia desta moción porque este acontecemento tivo lugar cando houbo unha promesa.

PRESIDENCIA: A cuestión de orde ao Presidente regula o Pleno, iso non é unha cuestión de orde, é unha valoración política, a cuestión de orde é si efectivamente isto presentouse de acordo co regulamento, non con respecto a opción política, así que vostede continúe coa cuestión de orde pero relativo ao Regulamento, se o que quere é facer unha valoración política pode facer sempre que queira pero non amparándose en cuestións de orde, señora voceira do grupo Popular. O regulamento é a democracia e está para ser cumprido.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: É evidente que vostede non quere que fale pero eu vou falar, é unha cuestión de orde porque esta é unha moción que cumpre o artigo 54.1 do Regulamento do Pleno, non se escude vostede detrás dos funcionarios como sempre para impedir o debate aquí de algo que xurdiu porque houbo unha reunión na que había un compromiso, unha mesa cos representantes dos Policías no que se afirmou que non se ía cumprir que a este Pleno ía chegar o cumprimento do acordo plenario de hai un ano e polo tanto xurdiu con posterioridade, por tanto cumpre a urxencia e non só é urxente senón que moralmente urxente tamén que aquí este goberno ratifique que vai cumprir coa Policía Local como se comprometeu hai un ano.

PRESIDENCIA: Non cumpre o regulamento é polo tanto, non procede ao seu debate de acordo co Regulamento.

(No momento da votación atópanse ausentes as Sras. Abelairas Rodríguez e Silva Rego)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.03.2019 (Rex. Nº 2000/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

12(46).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 549/1102 (REXISTRO PLENO 1994/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 549-1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

13(47).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 548/1102 (REXISTRO PLENO 1995/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 548-1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

14(48).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. MUÑOZ FONTERIZ, REFERENTE AO ACORDO PLENARIO DE ELIMINACIÓN DE DISCRIMINACIÓN AOS POLICÍAS LOCAIS.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Rogamos que se convoque no prazo dunha semana un pleno extraordinario para aprobar o compromiso deste acordo plenario de eliminación de discriminación aos Policías Locais senón este grupo municipal solicitará un Pleno extraordinario, rogamos que se cumpra e se convoque nunha semana un pleno extraordinario para cumprir o prometido aos Policías Locais, senón este grupo municipal seguirá traballando para que ese acordo se faga realidade.

PRESIDENCIA: O grupo municipal do Partido Popular pode tomar as decisións que o Regulamento e os seus dereitos lles confiren.

15(49).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AO PROGRAMA PILOTO DO PREGO CONCESIONAL DA COMPOSTAXE.

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos que se poña en práctica o programa piloto que figura no prego concesional da COMPOSTAXE, porque hai veciños que están pedindo este servizo e díselles que non existe e figura como programa piloto no prego concesional.

PRESIDENCIA: Sen dúbida porase en marcha o antes posible.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

16(50).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE ÁS ESPECIALIDADES NA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

SR. PÉREZ CORREA: Que ten pensado facer o Concello de Vigo para garantir que se impartan tódalas especialidades na Escola Municipal de Artes e Oficios no curso que ven, cando varias das prazas de mestres aínda non foron convocadas e polo tanto non existe a día de hoxe garantía délo.

PRESIDENCIA: Xa lle contestamos aos interesados pero lle contestaremos por escrito inmediatamente a súa proposta.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 27 de marzo de 2019. Consta de 45 folios da serie A numerados do 2729315 ao 2729454, e números do 911 ao 959. Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 12 de xuño de 2019.

Vigo, a 12 de xuño de 2019
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda